

A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar

Edita

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo

Textos

Carlos Gradín Lago, Olga Cantó Sánchez,
Coral del Río Otero e Francisco Azpitarte Raposeiras

Supervisión lingüística

Estrela Seivene

Deseño gráfico e maquetación

Ninfa, Riveiro, Martínez (tallerDD)

Fotomecánica

+planchas

Impresión

Litonor

D.L.: C-3348-2006

A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA

Informe para a Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar Social de diagnóstico sobre a situación de pobreza e exclusión social en Galicia durante o período de aplicación do I Plan galego de inclusión social

II PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL

PARTIR DA REALIDADE PARA TRANSFORMALA

A pobreza é unha importante responsabilidade para quen ocupa un cargo político e para unha profesional do traballo social. A pobreza sitúanos cara a cara fronte ao politicamente incorrecto, porque lonxe de todo márketing e de calquera eufemismo, revela as vergoñas das nosas sociedades, a súa parte de fracaso.

Porén, para alguén que queira construír un sistema de servizos sociais inclusivo e eficaz, ao servizo das persoas, non debe haber outro punto de partida que a realidade pura e dura, a “realidade real”, non a virtual, nin a mediática, nin aquelaedulcorada dos discursos e programas, senón a que peta na porta dun sistema de acción social que se predica universal, pero que é consciente de que, para a asegurar a igualdade de oportunidades de todos e todas, ten que reconstruír a equidade partindo dos últimos.

Por máis que a pobreza que se analiza neste estudo teña unha compoñente de relatividade e deba ser interpretada en clave de vulnerabilidade e risco de exclusión, é reveladora dunha inaceptable desigualdade e supón un punto de partida e unha chamada urgente para o deseño de estratexias transversais na acción de goberno do poder galego. A Galicia que construímos é unha Galicia social, na que a acción dos poderes públicos debe ser claramente intervencionista cando se trata de garantir dignidade, oportunidades e servizos básicos a todos os galegos e galegas. Sen excepcións nin “anormalidades estatísticas”. Porque falamos de persoas, non de números.

Esta é a razón de que un novo plan de inclusión para Galicia comece por unha análise da realidade da pobreza, da súa distribución territorial, das súas diferentes manifestacións e dos factores que, a ela asociados, derivan en exclusión social.

Só me queda agradecer o esforzo colectivo que hai detrás destas páxinas e do nacente II plan galego de inclusión social: o equipo investigador da Universidade de Vigo, os membros dos equipos de inclusión que participaron no I plan, as administracións locais e organizacións implicadas e o persoal desta secretaría xeral comprometido na posta en marcha dun plan participativo, transversal e eficaz a favor da inclusión social dos colectivos máis vulnerables da nosa sociedade.

Dez de decembro de 2006, Día Internacional dos Dereitos Humanos.

María Xesús Lago Vilaboa
Secretaria xeral do Benestar

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	13
Xustificación e obxectivo do informe	13
A pobreza como situación de baixos ingresos	14
As outras caras da pobreza	15
As fontes de información	16
1. POBREZA, NIVEL DE RENDA E DISTRIBUCIÓN DO INGRESO	19
O contexto económico	19
A renda media	21
A desigualdade en Galicia	24
O risco de pobreza en Galicia	26
A pobreza en Galicia no contexto español e europeo	31
2. OS COLECTIVOS MÁIS VULNERABLES Á POBREZA	33
Características do fogar	33
Características persoais	40
Outras formas de exclusión: persoas sen fogar e poboación reclusa	46
3. O MERCADO DE TRABALLO	47
O risco de pobreza da poboación ocupada	51
O capital humano	57
O perfil da poboación ocupada pobre	60
4. A PROTECCIÓN SOCIAL	63
5. OUTROS ASPECTOS DA PRIVACIÓN: A SITUACIÓN DOS FOGARES	67
Chegar a fin de mes	67
Os gastos da vivenda	69

6. OUTROS ASPECTOS DA PRIVACIÓN: A VIVENDA	73
O réxime de tenza	73
A habitabilidade	73
O equipamento	74
7. OUTROS ASPECTOS DA PRIVACIÓN: A SAÚDE E O ACCESO AOS SERVIZOS SANITARIOS	77
O estado de saúde	77
O acceso aos servizos sanitarios	79
CONCLUSIÓNS	83
APENDICES E NOTAS FINAIS	87

A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA

Equipo de investigación:

Carlos Gradín Lago, Olga Cantó Sánchez,
Coral del Río Otero e Francisco Azpitarte Raposeiras

Income Distribution Research Unit (IDRU) da Universidade de Vigo

Vigo, setembro de 2006

INTRODUCCIÓN

XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVO DO INFORME

O I Plan galego de inclusión social foi elaborado pola Consellería de Sanidade e Servizos Sociais ao longo do ano 2000 co fin de recoller as principais medidas destinadas á loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia para o período 2001–2006. No remate do período de vixencia deste é hora de volver facer balance da pobreza en Galicia. Por iso, o obxectivo do presente informe é realizar un diagnóstico da situación dos fogares pobres en Galicia durante o ámbito temporal de aplicación do plan.

No estudo faise unha análise da evolución da pobreza durante o período 2001–2004 para o que se dispón das enquisas sobre as condicións de vida dos fogares galegos do Instituto Galego de Estatística. Para iso cuantifícase cal foi o risco de pobreza no conxunto da poboación galega e nos seus diferentes ámbitos territoriais. Ademais, realízase tamén unha análise detallada da caracterización das persoas pobres e dos seus fogares en termos da súa situación no mercado de traballo, do capital humano que teñen e dos efectos das prestacións sociais na redución do risco de pobreza. Finalmente analízanse tamén outros aspectos da privación como a percepción subxectiva da situación financeira do fogar, a situación da vivenda e o estado de saúde.

O fin último deste diagnóstico é servir de instrumento para a elaboración e implantación do II Plan de inclusión social por parte da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar no que toca ás medidas e actuacións dirixidas aos colectivos máis gravemente afectados pola exclusión social. A información contida neste

informe debера servir tamén para un mellor coñecemento da situación de pobreza en Galicia para todas aquelas persoas que, dun xeito ou outro, teñan relación coa loita contra a pobreza e a exclusión social na comunidade autónoma.

A POBREZA COMO SITUACIÓN DE BAIXOS INGRESOS

Dado o complexo da análise da pobreza, este estudo tomou como marco de referencia os criterios adoptados pola Unión Europea no Consello celebrado en Laeken (Bélxica) en decembro de 2001 sobre a medición deste fenómeno e que son os habitualmente empregados por Eurostat (a oficina Estatística da Unión Europea) e demais oficinas de estatística dos países membros da Unión nos seus informes sobre cohesión social. Isto favorece a comparación directa con estes. De acordo con estes criterios unha persoa é considerada pobre se os ingresos do seu fogar están por baixo dun determinado limiar de pobreza.

En primeiro lugar, os *ingresos medios mensuais do fogar* inclúen as rendas netas obtidas como consecuencia da participación no mercado de traballo por conta allea, a cambio dun salario, ou por conta propia, as prestacións sociais como as de desemprego ou as pensións por xubilación, supervivencia ou de calquera outra clase.ⁱ Tamén se inclúen as rendas derivadas da xestión do patrimonio, como xuros bancarios, rendas por alugamento, dividendos etc. así como as transferencias doutros fogares e ingresos extraordinarios.

En segundo lugar, á hora de calcular o nivel de ingresos dun fogar co obxectivo de avaliar se é ou non pobre non só se deben considerar os seus ingresos totais senón tamén as súas necesidades de acordo co número de adultos e menores que conviven no fogar, co que se computa o que se denomina *ingreso dispoñible do fogar por adulto equivalente*.ⁱⁱ Este nivel de renda ten en conta que existe un aforro derivado de vivir en común e a súa utilización asume que

os recursos dos que dispón un fogar son compartidos polos seus membros.

Deste xeito, considérase como pobre a aquela persoa que vive nun fogar onde o *ingreso dispoñible por adulto equivalente* se sitúa por baixo do limiar de pobreza, fixado no 60 por cento do ingreso mediano galego.ⁱⁱⁱ Para abordar a situación dos fogares en situación de pobreza máis severa baixárase este limiar ata o 40 por cento do ingreso mediano.

Estes limiares de pobreza, así obtidos, son de carácter relativo na medida en que buscan determinar se unha persoa carece dos medios necesarios para vivir de acordo co que se considera aceptable na poboación na que reside, que no caso dos criterios de Laeken fai referencia ao Estado membro da Unión Europea. Neste estudo, dado que o ámbito de decisión ao que se dirixe é o autonómico, que é onde descansan boa parte da xestión da política social, considérase que o limiar de pobreza debe ter en conta o marco da Comunidade Autónoma de Galicia e non o marco estatal, por iso decídese tomar un limiar específico para Galicia que representa un nivel de renda medio dun 10 por cento por baixo da media española.^{iv}

AS OUTRAS CARAS DA POBREZA

O feito de identificar as persoas pobres en función dos ingresos do seu fogar non supón negar o ineludible carácter multidimensional da pobreza e a exclusión social polo que neste informe se abordan tamén, de forma complementaria, outros aspectos que poden ser motivo de exclusión e que se interrelacionan coa pobreza económica. Entre estes aspectos complementarios analizarase o modo en que a poboación galega participa no mercado de traballo, principal fonte de ingresos da maioría de fogares e, polo tanto, fonte de posible exclusión destes en forma de desemprego, inestabilidade

ou baixos salarios. Ademais, dado que o principal determinante dos resultados que unha persoa obterá no mercado de traballo vén dado polo seu *capital humano*, analizarase o nivel de formación dos traballadores galegos que viven en fogares pobres. Outras dimensións do benestar dos fogares que se terán en conta son a percepción que teñen da súa situación financeira, as condicións de habitabilidade e o equipamento da súa vivenda, a saúde e as posibilidades de acceso aos servizos sanitarios. Todos estes factores teñen, claramente, unha dimensión monetaria por estaren relacionados coa riqueza e ingresos dos fogares pero, á súa vez, incorporan outros aspectos non monetarios importantes na medición do benestar das persoas e que a información dos ingresos non consegue reflectir completamente.

AS FONTES DE INFORMACIÓN

Na elaboración do informe emprégase fundamentalmente a *Enquisa de Condicións de Vida das Familias* (ECVF) do Instituto Galego de Estatística (IGE) para o período 2001-2004 e mais a *Encuesta de Condiciones de Vida* (ECV) do Instituto Nacional de Estatística (INE) elaborada no ano 2004 dentro do proxecto EU-SILC da Unión Europea.^v A primeira fonte proporciona anualmente abundante información sobre os ingresos mensuais medios dos fogares privados en Galicia e as súas características socioeconómicas coa máis ampla representatividade territorial dispoñible grazas a que conta cunha mostra no contorno dos 6 mil fogares onde residen unhas 18 mil persoas.^{vi} Esta enquisa é representativa no ámbito das sete principais poboacións e de 14 áreas funcionais nas que se dividiu a comunidade autónoma e que se mostran no Apéndice. A segunda enquisa, a ECV, proporciona datos para o conxunto das comunidades autónomas españolas, cunha mostra galega dun milleiro de fogares (con preto de 3.000 individuos) con información sobre os ingresos obtidos en 2003 e outras características do fogar.^{vii} De forma complementaria, na

medida en que foi preciso, fíxose uso doutras enquisas como o *Panel de Hogares de la Unión Europea* (PHOGUE) ou a *Encuesta de Población Activa* (EPA) que elabora o INE, así como de datos de procedencia administrativa.

1. POBREZA, NIVEL DE RENDA E DISTRIBUCIÓN DO INGRESO

O CONTEXTO ECONÓMICO

O contexto macroeconómico é fundamental para entendermos a evolución das condicións de vida nunha sociedade, pois nunha situación de crecemento económico é máis probable que mellore a situación económica da poboación pobre especialmente polas oportunidades de emprego que se xeran. En todo caso, a evolución da pobreza relativa, como a aquí analizada, dependerá de en que medida os beneficios xerados polo crecemento económico chegan aos sectores máis desfavorecidos da poboación.

O período de vixencia do I Plan galego de inclusión social, 2001-2006, coincide cunha etapa de expansión económica sostida en Galicia, cunha taxa de crecemento do produto interior bruto (PIB) dun 2,7 por cento de media ata 2005 e que vén mostrando, ademais, unha clara aceleración a partir de 2002.^{viii} Este crecemento veu impulsado fundamentalmente pola construción e polo sector servizos cunha media anual de crecemento no período do 4 e do 3,2 por cento respectivamente. A industria experimentou un avance algo máis moderado, dun 1,1 por cento de media anual, mentres que no sector primario da economía houbo unha caída media dun 1 por cento na produción nestes anos, aínda que, a partir do 2005, este sector mostra algúns síntomas de recuperación.

Este ritmo de crecemento da economía galega foi superior ao da maioría de países membros da Unión Europea que sufriron de certo estancamento no mesmo período, aínda que foi inferior ao do conxunto da economía española (un 3,1 por cento anual). Dado que a poboación en Galicia nestes anos medrou menos cá media

española, o PIB *per capita* galego pasou de representar o 78 por cento da media española en 2000 ao 81 por cento en 2005.

Esta situación macroeconómica favorable supuxo un crecemento substancial do emprego, especialmente visible no caso das mulleres. A taxa de ocupación feminina en Galicia de acordo coa EPA pasou do 55 ao 64 por cento das mulleres entre 25 e 54 anos, resultado da combinación dunha maior incorporación ao mercado de traballo xunto cunha redución do desemprego que pasou do 15 ao 12 por cento do total da poboación activa feminina. Ademais, este crecemento do emprego permitiu tamén que a taxa de paro entre os homes se reducira de forma importante nestes anos, que pasa do 8 ao 6 por cento. Deste xeito, en Galicia había no segundo trimestre de 2006, de acordo coa EPA, 1.152.800 persoas ocupadas, 128 mil máis ca no mesmo trimestre de 2001. Deste colectivo, 493.200 eran mulleres, o que supuxo o 43 por cento do total e 86 mil máis ca en 2001. Pero cabe destacar que o paro feminino segue a duplicar o masculino polo que das 108 mil persoas desempregadas no segundo trimestre de 2006, 66 mil (o 61 por cento) eran mulleres (en 2001 esta cifra era de 80.400 sobre un total de 131.500).

De acordo coa mesma fonte, e durante o mesmo período, a actividade económica en Galicia continuou a tendencia cara a unha terciarización do emprego, tendencia xa apuntada en anos anteriores malia se producir cun certo atraso respecto doutras áreas territoriais. Isto materializouse nunha perda de case un terzo do emprego nos sectores agrogandeiro e pesqueiro (de 160 a 110 mil persoas ocupadas), o que supuxo que estas actividades reduciran a súa participación no emprego total do 16 ao 9 por cento. Paralelamente, e en contraste, o sector servizos ten en 2006 case 150 mil persoas ocupadas máis ca en 2001, polo que a súa participación no emprego total pasou do 53 ao 58 por cento. Ao mesmo tempo, os sectores industrial e da construción creceron ao ritmo necesario para manteren o seu peso no emprego total da economía galega no período analizado que vén sendo aproximadamente dun 18 e dun

11 por cento respectivamente. Deste xeito, en comparación co resto de España, a estrutura de emprego en Galicia segue a mostrar unha maior participación do sector primario sobre o total de emprego mentres que o sector servizos mostra, en cambio, unha participación menor, se ben as diferenzas se van reducindo co tempo. No que respecta aos outros sectores, Galicia presenta un nivel de participación máis similar ao español, con algo máis de peso da industria e menos da construción.

O crecemento económico no período ten moito que ver coa evolución da poboación que, despois de anos de claro estancamento demográfico, inicia unha leve recuperación ata acadar no Padrón de 2005 os 2.762.198 habitantes, uns 30 mil máis cós rexistrados en 2001. Este cambio de tendencia veu fundamentalmente impulsado por un tímido, aínda que crecente, fluxo inmigratorio cun especial incremento da poboación estranxeira procedente de América do Sur (fundamentalmente de Arxentina, Uruguai, Colombia e de Brasil) que triplicou a súa presenza na comunidade autónoma. Os datos do Padrón indican que o número total de persoas estranxeiras rexistradas en 2006 foi de 72.796, un 2 por cento da poboación galega. De todos os xeitos, este empuxe demográfico non acada a magnitude do experimentado polo conxunto de España que tivo un crecemento de 3 millóns de residentes, a meirande parte deles procedentes do estranxeiro, polo que a poboación foránea en Galicia apenas supón o 2 por cento do total da comunidade estranxeira do Estado.

A RENDA MEDIA

Os fogares galegos contaron en 2004 cunha media de ingresos dispoñibles de algo máis de 1.600 € ao mes, o que supón un aumento dun 2 por cento con respecto á cifra de 2003, e do 12 por cento respecto a 2002, anos tamén nos que a cifra resulta máis comparable, e dun 25 por cento máis de ingresos respecto de 2001

(táboa 1).^{ix} Medidos en termos *per capita*, isto supón que en Galicia cada persoa dispuña duns ingresos de 561 € en 2004, fronte a 541 en 2003 (un 4 por cento máis), 487 de 2002 (un 15 por cento máis), e 431 en 2001 (un 30 por cento máis). Evidentemente, este crecemento dos ingresos *per capita* supuxo un maior poder de compra por parte dos fogares galegos ao superar o incremento do índice de prezos ao consumo (IPC) que no conxunto do período en Galicia foi dun 12 por cento. Como se aprecia en detalle na táboa 1, o ingreso por persoa é moi similar nas catro provincias aínda que por fogar sexa algo maior nas de Pontevedra e A Coruña do que é en Lugo e Ourense. As poboacións de máis de 50 mil habitantes teñen a renda *per capita* máis elevada: 636 € en 2004, un 25 por cento máis de ingresos por habitante cós que viven en concellos de menos de 20 mil residentes, onde esta é de 510 €. Isto tamén se reflicte na distribución do ingreso *per capita* por áreas, pois as sete principais cidades galegas e as súas respectivas comarcas teñen a renda máis elevada, mentres que as áreas predominantemente rurais apenas acadan o 90 por cento do ingreso medio, coa excepción da área de Lugo norte que se sitúa arredor da media galega. Por cidades, Santiago presenta os ingresos *per capita* máis altos en 2001 e 2002, A Coruña en 2003 e Lugo e Ferrol en 2004. O motivo da existencia desta brecha entre concellos rurais e urbanos hai que buscalo na forte concentración de ingresos por pensións e de actividades do sector primario nos primeiros, fronte ao maior dinamismo económico dos segundos. Malia isto, o maior aumento de renda no período produciuse nos fogares residentes nos concellos de entre 20 e 50 mil habitantes.^x

Vista a evolución da renda media por fogar e a súa diversidade por territorios, a continuación analizarase a distribución destes ingresos en Galicia. Para iso farase uso do concepto de *renda dispoñible equivalente* do fogar, é dicir, unha vez se ten en conta o diferente número de membros adultos e menores que conviven nestes.

Táboa 1. A renda dos fogares en Galicia

Ingreso medio mensual (€)

	Por fogar				Por persoa			
	2001	2002	2003	2004	2001	2002	2003	2004
GALICIA	1.283	1.436	1.571	1.603	431	487	541	561
Por tamaño do concello								
Pequenos (< 20 mil hab.)	1.189	1.292	1.434	1.462	396	435	492	510
Medianos (20 - 50 mil hab.)	1.285	1.508	1.664	1.623	401	476	538	560
Grandes (> 50 mil hab.)	1.422	1.629	1.747	1.799	492	570	616	636
Áreas comarcais e provincias								
A Coruña oriental	1.205	1.285	1.503	1.453	393	424	504	496
A Coruña occidental	1.200	1.355	1.461	1.558	361	413	453	493
Comarca de Santiago	1.557	1.737	1.829	1.826	495	558	597	607
Comarca da Coruña	1.351	1.504	1.787	1.679	482	541	651	621
Comarca de Ferrol	1.253	1.417	1.448	1.676	449	511	530	621
PROVINCIA DA CORUÑA	1.307	1.456	1.626	1.639	435	490	556	570
Lugo sur	1.067	1.254	1.263	1.329	385	458	470	503
Comarca de Lugo	1.312	1.466	1.711	1.770	458	517	612	643
Lugo norte	1.287	1.295	1.494	1.543	439	447	525	552
PROVINCIA DE LUGO	1.221	1.335	1.486	1.544	427	473	535	565
Resto de Ourense	956	1.117	1.178	1.209	371	438	469	488
Comarca de Ourense	1.286	1.506	1.380	1.558	465	550	513	591
PROVINCIA DE OURENSE	1.088	1.273	1.259	1.350	411	485	488	531
Pontevedra occidental	1.313	1.388	1.664	1.609	397	424	516	508
Pontevedra oriental	1.191	1.230	1.296	1.472	393	411	442	510
Comarca de Pontevedra	1.394	1.668	1.654	1.913	435	525	529	624
Comarca de Vigo	1.451	1.676	1.811	1.758	471	548	603	594
PROVINCIA DE PONTEVEDRA	1.367	1.528	1.674	1.693	433	489	545	561
Cidades (> 50 mil hab.)								
Santiago	1.663	1.871	1.848	1.908	546	628	631	624
A Coruña	1.366	1.457	1.780	1.681	510	545	656	620
Ferrol	1.301	1.448	1.504	1.837	479	547	550	690
Lugo	1.399	1.512	1.797	1.769	479	532	630	677
Ourense	1.386	1.727	1.456	1.683	480	590	521	600
Pontevedra	1.479	1.833	1.772	2.091	468	578	572	665
Vigo	1.441	1.720	1.844	1.846	478	579	639	630

Fonte: ECVF (IGE)

A DESIGUALDADE EN GALICIA

A renda en Galicia está desigualmente distribuída e esta desigualdade semella ter aumentado entre 2001 e 2003 aínda que experimenta unha lixeira redución no 2004. Neste último ano, e segundo os resultados da táboa 2, o 20 por cento máis rico da poboación galega obtiña uns ingresos que cuadruplicaban os ingresos dispoñibles do 20 por cento máis pobre (de acordo co indicador denominado S80/S20). Esta proporción aumentou en Galicia entre 2001 e 2003 de 3,9 a 4,4 pero percorreu o camiño inverso no 2004 e baixou a 4,1. Este nivel de desigualdade na renda é inferior á media europea e española, onde foi de 4,6 e 5,1 respectivamente.^{XI}

O indicador S80/S20 considera na súa análise da desigualdade só os dous extremos da distribución do ingreso, mentres que outro indicador de Laeken, o coeficiente de Gini, ten en conta os ingresos de toda a poboación. Este último indica a porcentaxe de desigualdade acadada sobre o máximo posible e confirma o dito anteriormente xa que presenta un incremento do 26,7 ao 29,3 por cento no período 2001-2003 e unha redución no 2004 ata o 27,9 por cento. Este nivel está por baixo do 30 por cento correspondente á Unión Europea e do 31 por cento do caso español.

Os niveis de desigualdade en Galicia tenden a ser sistematicamente menores nas áreas rurais e maiores nas urbanas, onde acadan o nivel medio mencionado para España e os países europeos, tal e como se pode observar en detalle na táboa 2. Efectivamente, de acordo co indicador S80/S20 o 20 por cento máis rico nos concellos de máis de 50 mil habitantes obtén uns ingresos de 4,5 veces o do 20 por cento máis pobre, e esta relación é de 3,8 nos concellos máis pequenos. A maior brecha entre ricos e pobres aparece na cidade de Santiago onde as persoas de maior renda dispoñen de cinco veces os ingresos das máis pobres. De xeito similar, o índice de desigualdade de Gini é do 29,0 por cento nas áreas urbanas, case tres puntos maior có que atopamos nos concellos máis pequenos (26,2). Así, o maior dinamismo económico das áreas urbanas tradúcese nun maior

nivel de ingreso dispoñible para os fogares que ten como contrapartida unha maior desigualdade social derivada da maior diferenciación da súa estrutura económica, fronte a unha maior homoxeneidade dos ingresos no rural.

Táboa 2. A desigualdade de ingreso en Galicia

	S80/S20				Gini (%)			
	2001	2002	2003	2004	2001	2002	2003	2004
GALICIA	3,9	4,3	4,4	4,1	26,7	28,5	29,3	27,9
Por tamaño do concello								
Pequenos (< 20 mil hab.)	3,6	3,8	3,9	3,8	25,4	26,0	26,9	26,2
Medianos (20 - 50 mil hab.)	3,5	4,2	4,7	3,8	25,3	28,0	31,0	26,1
Grandes (> 50 mil hab.)	4,0	4,7	4,8	4,5	27,3	29,9	30,5	29,0
Áreas comarcais e provincias								
A Coruña oriental	3,5	3,7	3,7	3,7	25,7	25,5	25,9	26,1
A Coruña occidental	3,5	4,0	3,5	3,5	25,2	26,4	24,3	24,7
Comarca de Santiago	4,4	5,1	4,9	4,5	29,9	31,3	31,2	31,2
Comarca da Coruña	3,8	4,0	5,1	4,2	26,1	27,0	31,9	28,0
Comarca de Ferrol	3,7	4,5	3,8	4,3	25,6	29,3	25,6	29,0
PROVINCIA DA CORUÑA	3,9	4,3	4,5	4,2	27,1	28,3	29,4	28,1
Lugo sur	3,2	3,9	3,4	4,1	22,9	26,8	25,6	27,1
Comarca de Lugo	4,2	4,6	4,3	4,8	28,9	31,3	29,2	30,7
Lugo norte	3,3	3,2	3,4	3,9	24,0	23,7	24,7	27,5
PROVINCIA DE LUGO	3,7	4,1	4,0	4,4	25,7	27,5	27,3	29,2
Resto de Ourense	3,1	3,7	3,7	3,7	23,2	25,6	25,9	26,4
Comarca de Ourense	4,0	4,5	4,0	4,4	28,4	29,8	27,5	28,8
PROVINCIA DE OURENSE	3,8	4,2	3,9	4,1	26,5	28,3	26,9	28,2
Pontevedra occidental	3,9	3,7	4,7	3,2	27,2	25,4	31,5	22,8
Pontevedra oriental	3,8	3,8	4,3	4,0	25,9	26,4	29,0	27,6
Comarca de Pontevedra	3,3	4,4	4,1	4,3	25,1	30,3	28,3	28,2
Comarca de Vigo	3,6	4,6	4,4	4,0	26,1	29,6	29,3	27,6
PROVINCIA DE PONTEVEDRA	3,7	4,4	4,7	3,9	26,6	29,0	30,4	26,8
Cidades (> 50 mil hab.)								
Santiago	4,9	4,8	5,4	5,0	29,8	30,4	32,8	32,0
A Coruña	3,8	4,0	5,1	4,4	25,9	27,5	32,3	28,2
Ferrol	4,3	5,0	3,7	4,8	28,8	30,5	24,6	31,1
Lugo	4,7	4,8	4,8	4,8	30,1	32,0	30,9	30,4
Ourense	3,8	4,5	3,9	4,4	27,6	29,8	28,0	29,0
Pontevedra	3,6	4,0	4,2	4,7	26,3	29,6	28,7	29,6
Vigo	3,7	4,9	4,5	3,9	25,8	30,5	29,7	27,1

Fonte: ECVF (IGE)

O RISCO DE POBREZA EN GALICIA

Unha consecuencia directa da desigualdade de ingresos é a pobreza pois, por diferentes circunstancias, unha parte dos fogares galegos non acada os ingresos necesarios para viviren de acordo co estándar do resto da poboación coa que convive máis preto. De acordo coa definición de pobreza establecida nos criterios de Laeken, considérase que unha persoa é pobre en Galicia se o ingreso equivalente do seu fogar non supera o limiar do 60 por cento do ingreso mediano. Isto supón, máis concretamente, que un fogar composto por unha soa persoa en 2004 é considerado como pobre neste informe se os seus ingresos mensuais non chegan a 459 €, a 688 € se está formado por dúas persoas adultas, ou a 826 € e 964 € no caso de seren unha parella cun e dous menores de 14 anos respectivamente. O limiar supón engadir 138 € máis por cada menor adicional e 229 € por cada adulto.^{Xii} Do mesmo xeito considérase que están en situación de pobreza extrema aquelas persoas que viven en fogares nos que os seus ingresos non superan outro dos limiares empregados por Eurostat, o 40 por cento da renda mediana. Isto implica que o limiar sería de 306 € para unha persoa soa, 459 € unha parella e 551 ou 642 € no caso de teren respectivamente un ou dous nenos.

A incidencia da pobreza en Galicia no período de análise moveuse entre o 14 e o 15 por cento da poboación como se pode ver na táboa 3. A evolución destes niveis de pobreza non presenta unha tendencia clara no conxunto da comunidade autónoma durante o período, do que cabe inferir unha persistencia do fenómeno xa que en boa medida as oscilacións poden ser debidas a que se trata de meras estimacións estatísticas, suxeitas a erros de mostraxe. A pobreza extrema, pola súa banda, mostra unha tendencia máis clara. Situaríase en 2004 no 3,9 por cento da poboación tras baixar dende un nivel de 4,7 por cento en 2002. Estas porcentaxes implican que en Galicia hai actualmente uns 130 mil fogares vivindo por baixo do limiar de pobreza, 34 mil no caso da pobreza extrema. Como consecuencia, uns 400 mil

galegos e galegas vivirían en situación de pobreza, deles 104 mil, unha cuarta parte, na pobreza extrema.

A situación económica da poboación pobre, con todo, mellorou durante o período considerado 2001-2004. Os seus ingresos aumentaron, de media, un 25 por cento dende 2001, un 18 por cento dende 2002 e un 7 por cento dende 2003 (táboa 3). Ademais, se ben, entre 2002 e 2004 a incidencia da pobreza apenas se reduciu, si o fixo a súa intensidade. O déficit de ingresos, o que lle falta á poboación pobre para acadar o limiar de pobreza, era en 2001 dun 22,5 por cento, aumentou en 2002 ata o 26,3 para logo baixar de novo ata o 24 por cento en 2004. Unha vez que temos en conta, ao mesmo tempo, ambos os dous aspectos da pobreza, a extensión (*H*) e mais a intensidade (*I*), conclúese que a cantidade total de cartos que sería preciso transferir á poboación pobre para que todos se situaran no limiar de pobreza supón un menor esforzo en 2004 ca en 2002, tal e como se desprende do indicador *HxI* coñecido como *Índice da Brecha de pobreza*.

Táboa 3. A pobreza en Galicia

Limiar de pobreza: 60% do ingreso mediano de cada CCAA

	Pobreza limiar do 60% do ingreso mediano				Pobreza extrema limiar do 40% do ingreso mediano			
	2001	2002	2003	2004	2001	2002	2003	2004
Limiar de pobreza* (€)	361	400	431	459	240	266	287	306
Ingreso medio da poboación pobre* (€)	279	295	325	349	182	190	221	224
Intensidade da pobreza: I** (déficit de ingresos, porcentaxe)	22,5	26,3	25,0	24,0	24,4	28,9	23,7	26,8
Poboación por baixo do limiar de pobreza: H (risco da pobreza, porcentaxe)	13,8	15,1	14,5	14,8	3,3	4,7	4,3	3,9
Brecha de pobreza (HxI)***	3,1	4,0	3,6	3,5	0,8	1,4	1,0	1,0

* Cantidade mensual por adulto equivalente (ver nota 1 ao final).

** Recolle o déficit medio de ingresos da poboación pobre respecto do limiar de pobreza expresado como porcentaxe desta.

*** Porcentaxe que sería preciso transferir á poboación pobre para que acaden o limiar de pobreza expresado coma porcentaxe do máximo posible (cando toda a poboación carece de ingresos).

Fonte: ECVF (IGE)

Como é ben sabido a pobreza en Galicia concéntrase no medio rural (concellos de menos de 20 mil habitantes) con taxas de pobreza arredor do 16-17 por cento fronte ás poboacións de máis de 50 mil residentes, onde o risco de pobreza se sitúa no 12 por cento, mentres que os concellos de entre 20 e 50 mil habitantes adoitan ter unha posición intermedia (táboa 4). Nestes dous últimos casos as taxas de pobreza extrema sitúanse no 3 por cento mentres que a dos municipios máis pequenos chega ao 4,5 por cento. Así semella que o maior dinamismo económico das áreas urbanas garante unha maior protección fronte á pobreza malia o seu maior nivel de desigualdade. Como consecuencia, das case 400 mil persoas consideradas como pobres que viven en Galicia, unha ampla maioría delas, 234 mil, viven nos concellos máis pequenos, mentres que 118 mil residirían nalgunha das sete maiores poboacións e outras 45 mil nos concellos medianos. Igualmente, das 104 mil persoas que viven na pobreza severa, 63 mil residen no rural, 30 mil nas áreas urbanas e 11 mil nos concellos medianos.

Cando desagregamos a incidencia da pobreza por áreas territoriais dentro de Galicia, como se ofrece en detalle na táboa 4, observamos que a variabilidade das taxas de pobreza ao longo do tempo que reflicten as enquisas é moito maior, o que fai máis difícil dilucidar que é o que realmente aconteceu durante o período debido a que o erro de mostraxe en áreas pequenas é moito maior ca no conxunto de Galicia. Aínda así, da observación da táboa despréndense algúns resultados claros. A incidencia da pobreza vén aumentando de maneira continuada entre 2001 e 2004 na comarca da Coruña (do 10 ao 13 por cento), nas comarcas de Lugo sur (do 16 ao 19 por cento) e na cidade de Pontevedra (do 7 ao 12 por cento). Tamén aumentou na comarca de Santiago (do 10 ao 15 por cento), pero neste caso a pobreza fíxose menos intensa aínda que afectara a máis xente. Pola contra, o risco de pobreza reduciuse nas comarcas da Coruña occidental (do 20 ao 15 por cento). No período 2002-2004, no que os datos son máis

comparables entre si, a pobreza aumentou tamén nas comarcas da área que denominamos Resto de Ourense (do 19 ao 22 por cento) e na cidade de Ourense (do 11 ao 14 por cento), e baixou na cidade de Vigo (do 12,5 ao 9 por cento). Cando, en cambio, nos centramos na pobreza extrema, observamos que esta se reduciu nas cidades da Coruña, Vigo e Ferrol e mais na comarca desta última vila xunto coa de Santiago.

As áreas de Pontevedra oriental e Resto de Ourense teñen a taxa de pobreza máis elevada en Galicia, dun 20 por cento ou máis da poboación, mentres que as menores están actualmente nas cidades de Vigo, Pontevedra, Lugo e as súas respectivas comarcas.

Táboa 4. O risco de *pobreza* e de *pobreza extrema* en Galicia


Porcentaxe de poboación por baixo do limiar de pobreza

	Pobreza Limiar do 60% do ingreso mediano				Pobreza extrema Limiar do 40% do ingreso mediano			
	2001	2002	2003	2004	2001	2002	2003	2004
GALICIA	13,8	15,1	14,5	14,8	3,3	4,7	4,3	3,9
Por tamaño do concello								
Pequenos (< 20 mil hab.)	16,4	17,2	16,7	16,9	3,6	5,6	4,6	4,5
Medianos (20 - 50 mil hab.)	14,1	13,5	14,8	13,1	3,0	4,8	4,4	3,1
Grandes (> 50 mil hab.)	9,8	12,3	11,2	12,3	2,7	3,4	4,0	3,1
Áreas comarcais e provincias								
A Coruña oriental	17,7	18,0	13,4	19,3	3,9	6,8	3,7	5,1
A Coruña occidental	20,1	19,2	17,0	15,3	3,9	6,4	4,8	3,7
Comarca de Santiago	9,8	13,6	14,4	14,8	3,0	5,0	3,5	3,0
Comarca da Coruña	9,7	9,7	11,3	13,1	2,2	3,5	3,2	3,7
Comarca de Ferrol	13,1	15,0	15,3	13,7	3,4	5,9	5,7	2,6
PROVINCIA DA CORUÑA	14,0	14,6	14,0	14,8	3,2	5,2	4,1	3,6
Lugo sur	16,2	16,5	17,3	18,6	4,6	4,3	4,1	7,2
Comarca de Lugo	14,8	21,4	9,2	13,0	3,6	2,1	4,4	3,0
Lugo norte	12,1	12,4	10,6	15,2	2,5	3,5	1,7	4,9
PROVINCIA DE LUGO	14,3	16,6	12,3	15,6	3,5	3,3	3,3	5,0
Resto de Ourense	20,9	18,8	19,1	21,8	5,6	5,9	4,9	6,0
Comarca de Ourense	14,3	12,6	14,7	15,1	2,5	3,2	4,8	4,5
PROVINCIA DE OURENSE	18,2	16,2	17,3	19,0	4,3	4,8	4,9	5,4
Pontevedra occidental	16,0	15,8	16,4	11,8	2,9	5,2	6,2	3,1
Pontevedra oriental	15,6	22,1	26,1	20,6	5,7	6,3	8,5	4,7
Comarca de Pontevedra	10,2	10,9	15,0	12,0	0,6	4,4	5,6	1,0
Comarca de Vigo	8,4	12,6	10,6	11,2	2,6	3,7	2,5	3,2
PROVINCIA DE PONTEVEDRA	11,9	14,7	15,0	12,8	2,9	4,6	4,9	3,1
Cidades (> 50 mil hab.)								
Santiago	10,6	10,3	15,4	14,4	4,2	3,4	4,4	3,8
A Coruña	8,3	10,3	10,7	14,5	2,1	3,8	3,6	3,4
Ferrol	14,8	16,4	11,7	13,7	4,9	8,1	6,7	3,5
Lugo	13,5	22,4	10,8	12,5	4,4	0,5	5,5	3,6
Ourense	13,3	11,1	14,0	14,4	2,2	2,1	3,4	4,9
Pontevedra	6,7	6,1	11,7	12,4	0,5	1,1	5,0	1,1
Vigo	7,8	12,5	9,0	8,6	2,4	3,8	2,9	2,4

Fonte: ECVF (IGE)

A POBREZA EN GALICIA NO CONTEXTO ESPAÑOL E EUROPEO

Certamente, no contexto europeo, e se se consideran tanto países membros coma candidatos á entrada na Unión, podemos diferenciar a grandes trazos tres grupos de países. En primeiro lugar estarían os que teñen taxas de pobreza dun 20 por cento ou máis da poboación, entre os que se atoparía España^{xiii} xunto a Turquía, Eslovaquia, Portugal, Irlanda ou Grecia; despois situaríanse os que teñen taxas inferiores ao 15 por cento, que abrangería os países nórdicos, e a maioría dos centroeuropeos ademais de Francia, e finalmente o resto situados entre ambos os dous grupos (figura 1). Galicia, de acordo coas estimacións deste estudo, pertencería a este grupo intermedio.^{xiv}



Fonte: Eurostat. O dato máis recente de cada país (2003 ou 2004)

No contexto español cando se toma como referencia o limiar de pobreza de cada comunidade autónoma, o risco de pobreza en Galicia situábase en 2003 nun nivel similar á media xunto coas Illes Balears, Cataluña ou Valencia (táboa 5).^{XV}

Táboa 5. Risco de pobreza por CCAA

Ordenadas de menor a maior poboación por baixo do limiar de risco de pobreza do 60% do ingreso mediano de cada CC.AA

Posto	Comunidade autónoma	
1º	Cantabria	} Menor risco de pobreza cá media española
2º	Madrid	
3º	Asturias	
4º	Extremadura	
5º	País Vasco	
6º	Aragón	
7º	Navarra	
8º	Illes Balears	
9º	Galicia	} Maior risco de pobreza cá media española
10º	Cataluña	
11º	Valencia	
12º	Castilla-La Mancha	
13º	Murcia	
14º	La Rioja	
15º	Andalucía	
16º	Islas Canarias	
17º	Castilla y León	

Fonte: ECV, 2004 (INE)

2. OS COLECTIVOS MÁIS VULNERABLES Á POBREZA

CARACTERÍSTICAS DO FOGAR

O risco de pobreza non afecta a todos os fogares por igual. Determinadas características demográficas presentan unha maior incidencia da pobreza ca outras, o que permite trazar o perfil demográfico dunha persoa pobre na Galicia actual. Os fogares conformados por unha única persoa enfrontan o maior risco de estaren por baixo do limiar de pobreza segundo os resultados que se presentan na táboa 6, pois un de cada catro (25 por cento) está nesa situación en 2004. Ademais, o risco de pobreza neste grupo tende a agravarse no tempo pois esta porcentaxe era do 19 por cento en 2001. Débese ter en conta que estes fogares representan un 19 por cento do total en Galicia e nun 64 por cento dos casos a persoa que vive soa é maior de 64 anos, fronte a menos dun 3 por cento de menores de 30 anos.

A tendencia contraria atopámola no conxunto dos fogares monoparentais, unha persoa adulta —maioritariamente muller— con fillos, onde a taxa de pobreza se reduciu dun 19 por cento en 2001 ata un 15 por cento en 2004, nivel similar á media de pobreza galega. Tamén se reduciu a pobreza extrema por baixo do 5 por cento, pero nese caso continúa a ser superior á media. Con todo, débese ter en conta que existe unha clara diferenza neste colectivo segundo se o fogar monoparental ten ou non menores de 16 anos, pois no primeiro caso (que abrangue a un 2 por cento dos fogares), experimenta un elevadísimo risco de pobreza superior ao 30 por cento en todo o período analizado, algo similar ao que ocorre noutros países do noso contorno. A pobreza severa afecta a un 16 por cento do colectivo, unha taxa catro veces superior á media galega. No caso

de non teren nenos (un 7,4 por cento dos fogares galegos) o risco de pobreza nos fogares monoparentais é sensiblemente inferior ao do conxunto da poboación, un 10 por cento, debido á existencia doutras persoas posibles perceptoras de ingresos e mostra unha clara tendencia decrecente ao longo do tempo.

As persoas que viven en fogares formados arredor dunha parella, e que representan o 64 por cento do total de fogares en Galicia, enfrontan unha taxa de pobreza que varía dende o 14 por cento (de teren fillos) ata o 16 por cento (de non telos). No primeiro dos casos, que representa o grupo maioritario pois son un 44 por cento do total de fogares galegos, o risco de pobreza extrema mostra unha tendencia decrecente dende 2002 do 4,9 ao 3,7 por cento. No caso de parellas sen fillos, un 21 por cento do total, a pobreza reduciuse dende case o 19 por cento en 2002 ata o 16 por cento en 2006. Pero ao igual do que lle ocorre aos fogares monoparentais a situación varía moito segundo se hai ou non nenos no fogar xa que os fillos maiores son unha fonte potencial de ingresos. No caso de parellas con menores de 16 anos a taxa de pobreza é do 18 por cento e mantívose entre 2002 e 2004 e é superior á observada en 2001. No caso de non ter menores de 16 a taxa baixa ata o 11 por cento. Pola súa parte, os fogares conformados por máis dun núcleo (un 4 por cento do total) teñen unha taxa de pobreza moito máis baixa có resto, un 7 por cento.

Tamén son determinantes no risco de pobreza o sexo e, sobre todo, a idade da persoa que constitúe a principal fonte de ingresos do fogar (sustentador/a principal). O risco crece coa súa idade e afecta a un 9 por cento cando esta ten menos de 30 anos (só pouco máis do 6 por cento dos fogares), e a un 22 por cento cando ten 65 ou máis (e que representan o 28 por cento dos fogares). Se ben se producen oscilacións importantes entre os distintos anos, semella que hai unha certa tendencia ao longo dos anos contemplados neste estudo a que empeore a situación dos fogares onde a persoa que achega os maiores ingresos ten máis idade, especialmente cando se trata dunha

muller. Precisamente, a pobreza aféctalles en maior medida aos fogares onde a muller é a sustentadora principal deste, un 16 por cento en 2004 fronte ao 14 por cento cando se trata dun home. Isto ocorre cando a persoa que sustenta o fogar ten 45 anos ou máis, e é especialmente relevante a partir dos 65 anos (risco do 26 por cento no caso feminino e 20 por cento no masculino). Pola contra, isto non é así nos fogares encabezados por mulleres novas (entre 30 e 44 anos), que teñen un risco de pobreza menor cós encabezados por homes.

Táboa 6. Risco de pobreza por características do fogar

Porcentaxe de poboación por baixo do limiar de pobreza

	Pobreza Limiar do 60% do ingreso mediano				Pobreza extrema Limiar do 40% do ingreso mediano			
	2001	2002	2003	2004	2001	2002	2003	2004
Tipo de fogar								
Unipersoal	19,3	22,2	25,5	25,6	4,4	7,4	7,4	6,5
Monoparental	19,7	17,0	17,5	14,9	6,8	6,4	5,9	4,7
Con menores de 16	32,4	34,4	35,4	32,9	14,1	17,7	19,3	15,8
Sen menores de 16	16,8	13,5	13,7	10,3	5,2	4,0	3,0	1,9
Parella sen fillos/as	16,5	18,6	16,9	16,2	2,5	3,3	3,3	3,4
Parella con fillos/as	12,3	14,6	13,6	14,0	3,1	4,9	4,6	3,7
Con menores de 16	15,9	18,1	18,1	17,6	4,1	6,3	6,0	4,7
Sen menores de 16	8,8	11,3	9,5	10,6	2,1	3,5	3,4	2,8
Dous ou máis núcleos	11,4	6,2	6,5	7,3	1,6	1,5	0,9	1,6
Outros fogares	16,6	21,2	17,8	19,9	4,8	9,8	4,3	8,2
Sustentador/a principal: sexo e idade								
Ambos os dous sexos								
Menor de 30*	12,5	9,9	12,4	9,0	5,4	3,0	6,0	3,0
Entre 30 e 44	11,6	12,3	11,7	12,4	2,4	4,0	3,1	3,0
Entre 45 e 64	13,9	16,1	12,8	14,3	3,8	5,7	4,9	4,7
65 ou máis	19,1	20,7	23,4	22,3	2,8	5,2	4,6	4,4
Total	13,8	15,1	14,5	14,8	3,3	4,7	4,3	3,9
Homes								
Entre 30 e 44	11,5	12,7	12,2	13,3	2,1	3,4	2,7	2,4
Entre 45 e 64	13,1	15,6	11,9	14,1	3,2	5,4	4,4	4,3
65 ou máis	19,6	19,6	20,1	20,1	2,1	4,0	3,5	3,8
Total homes	13,4	14,3	13,0	14,3	2,9	4,1	3,6	3,5
Mulleres								
Entre 30 e 44	12,3	10,9	9,9	9,8	3,8	6,2	4,5	4,6
Entre 45 e 64	17,1	18,3	16,6	15,1	6,1	7,2	6,8	6,2
65 ou máis	18,1	22,6	29,1	26,2	4,0	7,1	6,5	5,3
Total mulleres	15,4	17,5	19,4	16,1	4,6	6,9	6,6	4,9


* non se desagrega por sexo por problemas de representatividade da mostra

Fonte: ECVF (IGE)


A composición da poboación pobre vén determinada tanto polo risco de pobreza dos diferentes grupos que a integran como polo seu peso demográfico. A maioría dos pobres (un 55 por cento) vive en fogares formados por unha parella con fillos, nunha proporción similar á de 2001 (figura 2). En cambio aumenta a proporción dos pobres que viven en parellas sen fillos (do 15 ao 17 por cento) e en fogares unipersoais (do 8 ao 12 por cento). No primeiro caso, como resultado da crecente importancia deste tipo de fogar que pasa de representar un 16 por cento no conxunto da poboación en 2001 a un 21 por cento en 2004. No segundo caso debido a que enfrenta un crecente risco de pobreza. En cambio, diminúe a proporción de persoas pobres que viven en fogares monoparentais (do 12 ao 9 por cento) e nos formados por máis dun núcleo (do 9 ao 4 por cento), en ambos os dous casos por unha menor incidencia da pobreza nestes colectivos.

Figura 2

Composición da poboación pobre por tipo de fogar,
2001



Composición da poboación pobre por tipo de fogar,
2004




Con todo, o cambio máis salientable do período é o considerable aumento da proporción de persoas pobres que viven en fogares encabezados por unha persoa de 65 ou máis anos (do 23 ao 31 por cento, figura 3) ao ser un grupo cun crecente risco de pobreza. En consecuencia redúcese a proporción de pobres que viven en fogares sustentados por unha persoa máis nova, especialmente se ten entre 45 e 64 anos, na que cae do 40 ao 34 por cento. Tamén se incrementa a proporción de pobres que vive en fogares encabezados por unha muller (do 25 ao 28 por cento, figura 4), especialmente maior de 65 anos como xa foi mencionado.

Figura 3

Composición da poboación pobre
por idade do substentador/a principal,


2001



■ Menor de 30 ■ Entre 30 e 44 ■ Entre 45 e 64 ■ 65 ou máis

Composición da poboación pobre
por idade do substentador/a principal,

2004




■ Menor de 30 ■ Entre 30 e 44 ■ Entre 45 e 64 ■ 65 ou máis

Figura 4


Composición da poboación pobre
por sexo do sostentador/a principal,

2001



Composición da poboación pobre
por sexo do sostentador/a principal,

2004



CARACTERÍSTICAS PERSOAIS

En liña cos resultados xa coñecidos para España e para outros países do sur de Europa con sistemas de protección social máis orientados á vellez, Galicia presenta unha elevada taxa de pobreza infantil como resultado da elevada pobreza nos fogares con nenos. Máis en concreto, en Galicia no 2004 é pobre o 19 por cento dos menores de 16 anos, o que implica unha taxa dous puntos superior á de 2001 e, sobre todo, moito máis alta cá rexistrada por outros grupos de idade (táboa 7). Ademais, case a terceira parte dos nenos e nenas baixo o limiar de pobreza entran na categoría que definimos como pobreza extrema. O risco de pobreza infantil en Galicia é moi similar á media europea (20 por cento) e está por baixo do rexistrado no conxunto de España no 2004 (24,3 por cento segundo a ECV).

Tras as persoas menores de 16 anos, séguenlles, en termos de risco de pobreza, as maiores de 45 anos, cun 15-16 por cento. É importante sinalar precisamente entre elas o forte crecemento da incidencia da pobreza nas persoas maiores de 65, que de ser do 13 por cento en 2001 chega ao 16 por cento no 2004. Isto pode ser o resultado de que en períodos de expansión económica con crecemento do emprego, as persoas que xa están retiradas do mercado laboral son as que menos se benefician deste, especialmente se non conviven con outras persoas adultas en idade de traballar. Tamén é preciso matizar que a pobreza extrema, con todo, é máis importante no colectivo de entre 45 e 64 anos (5 por cento) ca no colectivo de maiores de 65 (por baixo do 3 por cento). Isto pode ser o resultado da actuación do sistema de pensións que lles garante uns recursos mínimos á maioría destes últimos aínda que sen lograr sacalos a todos da pobreza moderada, mentres que o sistema de garantía de recursos non funciona igual nos que non acadaron esa idade e afrontan dificultades de inserción laboral. Con todo, a pobreza extrema reduciuse entre 2002 e 2004 para as persoas que teñen entre 16 e 64 anos.

A incidencia da pobreza en 2004 é un punto porcentual maior entre as mulleres (15 por cento) cá entre os homes (14 por cento), especialmente entre os 16 e os 44 anos onde esta brecha chega a ser de entre dous e tres puntos porcentuais. A maior pobreza feminina reproducése tanto no medio urbano coma no rural (táboa 8).

Finalmente, tamén cabe destacar que a incipiente inmigración en Galicia mostra un risco de pobreza significativamente maior cá do resto da poboación. Mentres que a taxa de pobreza de quen ten nacionalidade española se sitúa entre o 14 e o 15 por cento en todo o período 2001-2004, a das persoas que teñen nacionalidade estranxeira supera o 20 por cento todos os anos.

Táboa 7. Risco de pobreza por sexo e idade das persoas

Poboación por baixo do limiar de pobreza

	Pobreza				Pobreza extrema			
	Limiar do 60% do ingreso mediano				Limiar do 40% do ingreso mediano			
	2001	2002	2003	2004	2001	2002	2003	2004
Porcentaxe								
Ambos os dous sexos								
Menor de 16	17,5	18,4	20,4	19,3	5,0	6,9	7,4	5,8
Entre 16 e 29	13,3	14,3	11,6	12,4	3,7	4,8	4,1	3,6
Entre 30 e 44	11,5	13,6	12,2	12,8	2,3	4,7	3,5	3,2
Entre 45 e 64	15,2	16,6	15,0	15,2	4,3	5,4	5,2	4,7
65 ou máis	13,0	13,6	15,8	15,9	1,6	2,5	2,7	2,7
Total	13,8	15,1	14,5	14,8	3,3	4,7	4,3	3,9
Homes								
Menor de 16	18,9	18,0	19,5	19,6	4,9	6,6	6,8	5,3
Entre 16 e 29	12,6	13,1	9,3	11,5	3,8	4,3	3,3	3,6
Entre 30 e 44	10,5	12,2	11,5	11,3	2,0	4,1	2,9	2,7
Entre 45 e 64	14,8	16,8	14,7	15,4	4,3	5,6	5,5	5,0
65 ou máis	13,2	13,1	14,7	15,1	1,3	2,1	2,3	2,5
Total homes	13,7	14,5	13,5	14,2	3,2	4,5	4,0	3,8
Mulleres								
Menor de 16	15,9	18,9	21,2	19,0	4,9	7,3	8,1	6,3
Entre 16 e 29	13,9	15,5	13,8	13,2	3,7	5,4	4,9	3,5
Entre 30 e 44	12,3	14,9	12,8	14,3	2,5	5,4	4,0	3,7
Entre 45 e 64	15,6	16,4	15,4	14,9	4,3	5,2	4,9	4,4
65 ou máis	12,9	13,9	16,6	16,5	1,7	2,7	3,0	2,9
Total mulleres	14,0	15,6	15,5	15,3	3,3	5,0	4,7	3,9
Número								
Ambos os dous sexos								
Menor de 16	60.639	63.904	69.024	64.783	17.160	24.058	25.180	19.426
Entre 16 e 29	73.146	77.378	61.524	64.140	20.612	26.095	21.666	18.475
Entre 30 e 44	67.103	79.849	72.754	77.180	13.347	27.947	20.615	19.323
Entre 45 e 64	97.102	106.856	98.486	101.560	27.359	34.747	34.092	31.331
65 ou máis	72.905	76.466	89.494	90.503	8.754	13.873	15.425	15.448
Total	370.894	404.454	391.282	398.166	87.233	126.719	116.979	104.003
Homes								
Menor de 16	33.792	31.848	33.733	33.705	8.793	11.636	11.727	9.127
Entre 16 e 29	35.119	36.240	25.355	30.269	10.580	11.831	8.860	9.545
Entre 30 e 44	30.502	35.530	34.089	33.817	5.855	11.877	8.532	8.123
Entre 45 e 64	46.243	52.841	47.049	50.701	13.279	17.555	17.496	16.383
65 ou máis	30.672	30.649	34.506	35.616	3.106	4.852	5.462	5.795
Total homes	176.330	187.109	174.732	184.107	41.613	57.750	52.077	48.974
Mulleres								
Menor de 16	26.847	32.056	35.290	31.079	8.367	12.423	13.453	10.299
Entre 16 e 29	38.027	41.137	36.169	33.871	10.032	14.264	12.806	8.930
Entre 30 e 44	36.600	44.320	38.664	43.363	7.493	16.070	12.084	11.200
Entre 45 e 64	50.857	54.015	51.437	50.860	14.081	17.192	16.596	14.947
65 ou máis	42.232	45.818	54.988	54.887	5.648	9.021	9.963	9.653
Total mulleres	194.564	217.345	216.550	214.059	45.620	68.969	64.902	55.029

Fonte: ECVF (IGE)

Táboa 8. Risco de pobreza tamaño do concello de residencia e sexo

	Pobreza Limiar do 60% do ingreso mediano				Pobreza extrema Limiar do 40% do ingreso mediano			
	2001	2002	2003	2004	2001	2002	2003	2004
Por sexo e tamaño do concello								
Ambos os dous sexos								
Pequenos (< 20 mil hab.)	16,4	17,2	16,7	16,9	3,6	5,6	4,6	4,5
Medianos (20 - 50 mil hab.)*	14,1	13,5	14,8	13,1	3,0	4,8	4,4	3,1
Grandes (> 50 mil hab.)	9,8	12,3	11,2	12,3	2,7	3,4	4,0	3,1
Homes								
Pequenos (< 20 mil hab.)	16,2	16,4	16,1	16,2	3,6	5,2	4,4	4,4
Grandes (> 50 mil hab.)	9,3	11,8	10,0	11,6	2,7	3,1	3,7	3,2
Mulleres								
Pequenos (< 20 mil hab.)	16,6	17,9	17,4	17,6	3,7	5,9	4,8	4,7
Grandes (> 50 mil hab.)	10,3	12,8	12,2	12,9	2,7	3,7	4,2	3,1

* non se desagrega por xénero por problemas de representatividade da mostra

Fonte: ECVF (IGE)


De cara a trazar o perfil da pobreza por características persoais, compróbase, en primeiro lugar, que debido ao envellecemento da poboación e ao maior risco de pobreza entre a poboación máis vella, aumenta a proporción de persoas de 65 ou máis anos de idade na poboación pobre, do 20 ao 23 por cento (figura 5). Isto supón que en 2004 son pobres máis de 90 mil maiores, 55 mil mulleres e 35 mil homes, cun aumento notable dende o ano 2001 cando eran 73 mil, do que as mulleres achegan tres cuartas partes do aumento. Un reflexo directo disto é que as mulleres, en conxunto, supoñan en 2004 un 54 por cento do total da poboación pobre (figura 6), porcentaxe algo máis dun punto superior á de 2001.

Pola contra, baixa a proporción que representa a xente nova (entre 16 e 29 anos) entre o colectivo pobre, do 19 ao 16 por cento (de 73 a 64 mil), mentres que se mantén bastante estable o resto. En particular, destaca o feito de que debido á baixa natalidade o aumento da pobreza infantil non se traduce nunha maior presenza

relativa de nenos entre a poboación pobre, 16 por cento, aínda que en termos absolutos pasan de 61 mil en 2001 a 65 mil nenos e nenas pobres en 2004.


Figura 5

Composición da poboación pobre por idade,
2001



Menor de 16 Entre 16 e 29 Entre 30 e 44
Entre 45 e 64 65 ou máis

Composición da poboación pobre por idade,
2004




Menor de 16 Entre 16 e 29 Entre 30 e 44
Entre 45 e 64 65 ou máis

Figura 6


Composición da poboación pobre por sexo

2001



Composición da poboación pobre por sexo

2004



OUTRAS FORMAS DE EXCLUSIÓN: PERSOAS SEN FOGAR E POBOACIÓN RECLUSA

De acordo coa *Encuesta sobre Personas Sin hogar* (EPSH) do INE, en Galicia unhas 1.500 persoas sen fogar acudiron a algún dos 37 centros tanto públicos como privados identificados polo INE que ofrecen servizos de aloxamento ou restauración nalgún concello galego durante o 2004. Unha gran maioría delas foron homes, máis do 90 por cento, e case dous terzos tiñan entre 30 e 45 anos de idade fronte a un 12 por cento de menores de 30 anos e un 23 por cento de máis de 45 anos. Este predominio de homes de mediana idade é máis pronunciado en Galicia ca no resto de España.

No conxunto de España destaca que a metade destas persoas son estranxeiras, tamén a metade busca traballo, máis do 80 por cento é solteira, separada ou divorciada, e case o 40 por cento levaba máis de 3 anos sen aloxamento propio. Preto do 40 por cento vive en albergue ou residencia e unha proporción similar vive en lugares non previstos para o aloxamento como estacións, xardíns etcétera. O 10 por cento ten un consumo alto ou excesivo de alcol, un 42 por cento consume drogas e o 29 por cento padece algunha enfermidade crónica. Un 64 por cento destas persoas sen fogar tiña educación secundaria, o 76 por cento estaba desempregada e os ingresos medios do colectivo ascendían a 313 € mensuais.^{xvi}

Doutra banda, entre 2001 e 2004 destaca o forte crecemento da poboación reclusa na Comunidade Autónoma galega que pasou, de acordo co Ministerio de Interior, de 2.472 a 4.352 entre 2001 e 2004, e foi de 4.207 en setembro de 2006, o 94 por cento dos cales son homes, o 86 por cento está a cumprir condena e o 31,5 por cento son de nacionalidade estranxeira (32 no caso dos homes e 19 no das mulleres).

3. O MERCADO DE TRABALLO

A principal fonte de ingresos dos fogares galegos provén da participación dos seus membros no mercado de traballo, de aí que a exclusión deste tamén constituía o maior factor do risco de pobreza. De acordo cos indicadores de Laeken que se amosan no apéndice ao final deste informe, case un 8 por cento da poboación galega menor de 65 anos vive en fogares onde ningunha persoa traballa. De acordo coa táboa 9 en 2004 a taxa de pobreza entre as persoas maiores de 16 anos que se atopaban ocupadas no mercado de traballo foi de case un 9 por cento, pero cómpre ter en conta que a pobreza só é baixa no caso das que traballan a tempo completo (8 por cento) pois aquelas poucas que o fan a tempo parcial rexistran unha taxa do 20 por cento.

Mentres, a taxa de pobreza elévase ata o 23 por cento no caso de persoas desempregadas. Débese ter en conta que, de acordo cos indicadores de Laeken que se presentan no apéndice, a taxa de desemprego de longa duración en Galicia en 2005 era do 5,5 por cento da poboación activa no caso das mulleres e do 2,3 por cento no caso dos homes, é dicir un 30 e un 36 por cento respectivamente dos desempregados homes e mulleres.

Tamén é alta a taxa de pobreza entre a poboación inactiva, un 18 por cento é pobre, e este é o único grupo que mostra unha tendencia crecente ao longo do período. Pero no colectivo de persoas inactivas hai tamén diferenzas salientables pois as persoas xubiladas enfróntanse a un risco de pobreza moderado de algo máis do 12 por cento, aínda que crecente, mentres que é pobre o 25 por cento de quen cobra unha pensión distinta de xubilación, o 24 por cento de quen lles dedica o seu tempo ás

tarefas do fogar e un 22 por cento de quen padece algún tipo de incapacidade. O estudantado ten unha taxa de pobreza do 17 por cento, lixeiramente por riba da media galega. Hai que destacar que a pobreza severa lles afecta tamén en maior medida ás persoas en situación de desemprego có resto, pois case a metade delas que son pobres está nesa situación extrema fronte a só unha de cada catro persoas que están ou ben ocupadas ou ben dedicadas ás tarefas do fogar que son pobres, ou un de cada oito, no caso de estaren cobrando unha pensión de xubilación e estaren por baixo do limiar de pobreza.

O risco de pobreza das mulleres ocupadas é sensiblemente inferior ao dos homes na mesma situación, mentres que o risco é moi similar para o conxunto de homes e mulleres que se atopan fóra do mercado laboral. Aínda que neste último caso cómpre destacar que en cada unha das categorías de inactividade as mulleres sofren unha menor incidencia da pobreza cóos seus equivalentes masculinos. Malia isto, a pobreza das inactivas é similar á dos homes porque hai máis mulleres nos grupos con maior risco de pobreza como son as tarefas do fogar ou o das perceptoras dunha pensión distinta da de xubilación.

A situación laboral da poboación pobre maior de 16 anos en Galicia pódese retratar do seguinte xeito: o 64 por cento atópase na inactividade, onde as persoas que traballan no fogar e as xubiladas representan proporcións similares (19 e 17 por cento respectivamente), mentres que as restantes persoas inactivas supoñen un 28 por cento. Deste último grupo, destaca que un 8 por cento da poboación pobre é estudante, un 6 por cento ten algunha incapacidade, e un 10 por cento están a cobrar unha pensión distinta da de xubilación. Con todo, o 28 por cento da poboación pobre está ocupada, maioritariamente a tempo completo, pois unicamente un 2 por cento o está a tempo parcial. Finalmente, o 8 por cento restante está no paro. Por sexos, como xa foi destacado, é de salientar a maior presenza de

inactivas, que suman máis do 70 por cento das mulleres pobres, fronte a pouco máis do 50 por cento no caso dos homes. É de destacar que as *amas de casa* supoñen case un terzo das mulleres pobres, mentres que no caso dos homes o grupo máis destacable é o dos xubilados, case a cuarta parte dos varóns pobres. Pola contra, as mulleres ocupadas supoñen menos do 20 por cento das que están por baixo do limiar de pobreza fronte a case un 40 por cento no caso dos homes.

Da análise da evolución entre 2002 e 2004, destaca o feito do crecente aumento dos xubilados e xubiladas pobres, que pasan de representar, en conxunto, o 14 por cento do total ao 17 por cento como consecuencia do seu maior peso demográfico xunto cunha crecente incidencia da pobreza neste colectivo. Tamén hai un aumento das persoas incapacitadas do 5 ao 6 por cento (maioritariamente homes) e noutra situación de inactividade do 2 ao 3 por cento. Ao tempo, redúcese a proporción tanto de ocupados como de ocupadas a tempo completo que pasan, en conxunto, do 27 ao 24 por cento, e tamén de estudantes, do 11 ao 8,5 por cento.

Táboa 9. Risco de pobreza e relación coa actividade económica

Persoas de 16 ou máis anos

	Risco de pobreza Limiar do 60% do ingreso mediano			Porcentaxe da poboación pobre		
	2002	2003	2004	2002	2003	2004
Ambos os dous sexos						
Ocupado/a	10,0	8,1	8,6	30,4	27,1	28,0
A tempo completo	9,7	8,0	8,1	27,4	24,8	24,5
A tempo parcial	20,0	14,8	20,2	2,0	1,5	2,0
Non traballa	7,7	5,7	9,9	1,0	0,8	1,5
Parado/a	26,1	20,5	22,8	9,1	7,5	8,4
Inactivo/a	17,4	18,3	18,4	60,5	65,4	63,6
Xubilado/a	10,5	11,8	12,5	13,8	16,4	17,1
Outra pensión	22,4	26,7	25,1	10,5	11,9	10,2
Tarefas do fogar	23,5	24,4	24,2	18,3	19,7	18,5
Incapacitado/a	21,4	23,4	21,6	4,9	6,0	6,1
Estudando	18,8	14,8	16,7	11,0	8,5	8,5
Outra situación	30,4	27,7	27,9	2,0	2,9	3,2
Homes						
Ocupado	10,3	8,6	9,3	41,6	39,4	39,3
A tempo completo	10,2	8,5	9,0	38,8	36,9	35,6
A tempo parcial	19,7	16,1	29,0	1,4	1,2	1,9
Parado	29,4	22,7	21,5	9,0	7,7	7,6
Inactivo	17,4	27,4	18,2	49,4	52,9	53,1
Xubilado	13,2	13,3	13,7	21,3	23,3	23,2
Outra pensión	31,2	43,9	37,9	4,8	5,8	4,8
Tarefas do fogar	49,7	51,8	46,9	2,5	2,7	2,1
Incapacitado	21,9	24,0	25,0	6,0	8,1	8,5
Estudando	17,8	13,2	16,3	11,4	7,9	8,9
Outra situación	33,5	29,3	33,1	3,4	5,1	5,7
Mulleres						
Ocupada	9,5	7,3	7,6	20,9	17,6	18,8
A tempo completo	9,0	7,1	6,9	17,7	15,4	15,5
A tempo parcial	20,2	14,2	16,7	2,4	1,9	2,1
Parada	24,0	18,9	23,7	9,3	7,3	9,0
Inactiva	17,4	18,8	18,6	69,8	75,1	72,2
Xubilada	7,0	9,9	10,9	7,5	10,9	12,1
Outra pensión	20,8	24,2	23,0	15,2	16,7	14,6
Tarefas do fogar	22,7	23,6	23,6	31,6	32,7	32,2
Incapacitada	20,7	22,6	17,6	3,9	4,6	4,1
Estudando	17,8	16,2	17,0	10,7	9,0	8,2
Outra situación	23,6	23,6	16,3	0,9	1,2	1,0

Fonte: ECVF (IGE)

O RISCO DE POBREZA DA POBOACIÓN OCUPADA

A pesar de que o mercado de traballo protexe en gran medida fronte á pobreza, resulta que nunha parte importante da poboación isto non é exactamente así. Este fenómeno de persoas ocupadas que viven en fogares de baixos ingresos acada unha crecente relevancia en boa parte dos países occidentais nos últimos anos e pode vir explicado ben polas características precarias da súa participación laboral ou ben polo feito de que nos seus fogares non haxa outras persoas que perciban ingresos adicionais para atenderen as súas necesidades, especialmente no caso de haber persoas dependentes.

En Galicia, como xa foi mencionado anteriormente, case un 9 por cento da poboación ocupada vive en fogares pobres e unha cuarta parte destas persoas pobres faino na pobreza extrema. O primeiro aspecto que diferencia a poboación ocupada por conta allea que vive en fogares pobres do resto é o salario. Este foi, de media, en 2003 de 591 € mensuais, o que representa menos do 60 por cento dos algo máis de 1.000 € das persoas ocupadas situadas por riba do limiar da pobreza, e foi máis pronunciada a diferenza no caso das mulleres traballadoras (táboa 10). Máis pronunciada aínda resulta ser a brecha nos ingresos por mes traballado no caso do traballo por conta propia, onde tanto homes coma mulleres pobres obteñen menos do 40 por cento de quen se sitúa por riba do limiar de pobreza.

Táboa 10. Remuneracións do traballo

Ingresos por mes traballado en € mensuais, 2003

	Por conta allea (salario)	Por conta propia
Non pobres	1.017	862
Home	1.108	1.034
Muller	877	614
Pobres	591	330
Home	692	380
Muller	385	240
Toda a poboación	994	790
Home	1.083	938
Muller	854	570

Fonte: ECVF (IGE)

En boa medida que unha persoa que traballa sexa ou non pobre ten que ver co feito de que no seu fogar haxa persoas dependentes e de que non haxa outras fontes adicionais de ingresos. De feito, isto é válido para toda a poboación. Como se comproba na táboa 11, a pobreza aféctalles en menor medida aos fogares con varios individuos perceptores de rendas, habitualmente onde a esposa ou os fillos traballan. Así, o risco de pobreza de quen vive nun fogar cunha única persoa que percibe ingresos de forma regular é do 35 por cento no conxunto da poboación, e apenas baixa ata o 26 por cento cando nos centramos na poboación ocupada, mentres que con dúas persoas perceptoras este risco baixa respectivamente ata o 12 e o 8 por cento. Do mesmo xeito, a incidencia da pobreza en fogares con tres ou máis persoas dependentes é do 32 por cento no conxunto de Galicia, e do 27 por cento entre a poboación ocupada, e baixa respectivamente ao 9 e 4 por cento respectivamente cando no fogar non hai persoas dependentes.

Táboa 11. Risco de pobreza:

persoas perceptoras de ingresos e dependentes no fogar

	Risco de pobreza Limiar do 60% do ingreso mediano				Porcentaxe da poboación pobre			
	2001	2002	2003	2004	2001	2002	2003	2004
Toda a poboación								
N.º de perceptores/as*								
1	29,8	34,5	35,6	34,9	61,5	59,5	56,9	56,3
2	9,6	12,5	11,4	11,6	27,4	32,0	31,7	32,0
3	5,8	5,0	6,3	6,3	8,4	6,9	9,3	8,8
4 ou máis	3,1	1,7	2,1	2,9	2,6	1,7	2,1	2,9
N.º de dependentes								
Ningún	7,3	8,1	9,2	8,7	12,4	15,1	18,7	18,5
Un	11,2	14,0	12,7	13,1	23,7	27,0	27,8	27,2
Dous	10,4	13,7	12,7	15,2	20,1	21,6	20,7	24,9
Máis de dous	29,8	28,6	31,7	31,8	43,8	36,4	32,9	29,4
Poboación ocupada								
N.º de perceptores/as*								
1	20,9	30,6	23,9	26,0	48,7	47,1	37,0	39,3
2	5,8	10,0	8,2	8,1	33,2	39,9	42,9	39,6
3	4,0	3,9	5,1	5,2	13,6	9,9	15,7	14,9
4 ou máis	1,9	1,6	1,7	2,7	4,6	3,1	4,3	6,3
N.º de dependentes								
Ningún	4,1	4,8	5,0	3,9	13,9	13,8	20,0	15,6
Un	3,7	6,7	5,2	6,5	17,6	21,8	22,0	25,3
Dous	6,1	10,2	9,6	11,2	22,4	24,2	27,0	29,3
Máis de dous	23,5	27,0	24,5	26,9	46,1	40,2	31,1	29,8

* Considéranse unicamente persoas que perciben rendas de traballo e prestacións sociais

Fonte: ECVF (IGE)

Debido ao anterior, o maior risco de pobreza entre a poboación ocupada atopámolo entre as persoas sustentadoras principais dos fogares, cun 10 por cento, e é menor no caso dos seus cónxuxes, así coma no caso de ascendentes e descendentes, debido a que neses casos haberá varias fontes de ingresos no fogar (táboa 12). Polo mesmo motivo observamos tamén que as mulleres ocupadas teñen un risco de pobreza menor cós homes como xa foi destacado. Malia elas teren salarios inferiores pola persistencia de segregación e

discriminación salarial, boa parte do fenómeno coñecido como *feminización da pobreza* vén dado pola exclusión da muller do mercado de traballo e pola súa maior dependencia das prestacións sociais. O feito de que haxa unha maior taxa de participación laboral das mulleres con nivel de estudos máis altos reforza este fenómeno de menor incidencia da pobreza entre as mulleres que traballan cá nos homes na mesma situación.

O risco de pobreza entre as persoas ocupadas é maior nas de maior idade pois comeza cun 6 por cento no caso de menores de 19 anos, colectivo, en moitos casos, protexido pola convivencia con outros adultos, sobe ata o 8,5 por cento nas que teñen entre 30 e 44 anos, iguala o 10 por cento entre 45 e 64 anos, e é maior có 12 por cento para o pequeno colectivo de persoas ocupadas que superan a idade legal de xubilación. Aínda así, ningún destes grupos acadada o risco medio de pobreza da poboación, situado nun 15 por cento. A pobreza extrema tamén lles afecta de xeito particular ás persoas ocupadas maiores de 45 anos, cun 3 por cento, o dobre de quen non chega a esa idade.

As persoas asalariadas teñen a taxa de pobreza máis baixa entre as ocupadas. En contraste, quen traballa por conta propia en Galicia padece unha maior incidencia da pobreza, especialmente quen non conta con persoal asalariado. A taxa de pobreza deste grupo é do 17 por cento e supera a media da poboación, mentres que quen conta con persoal asalariado ao seu cargo se enfronta a un risco de pobreza moi inferior á media, arredor do 10 por cento. Por sectores, o maior risco de pobreza dáse no sector agrogandeiro, que supera no 2004 o 22 por cento de incidencia, seguido do servizo doméstico, cun 20 por cento. O menor risco dáse nos sectores de fabricación de transporte, educación e sanidade, Administración pública e actividade financeira onde é inferior ao 5 por cento.

Táboa 12. Risco de pobreza da poboación ocupada (1)

	Risco de pobreza				Porcentaxe da poboación pobre			
	2001	2002	2003	2004	2001	2002	2003	2004
Idade								
Entre 16 e 29	4,7	8,8	5,9	6,1	15,5	20,7	17,2	16,6
Entre 30 e 44	6,7	9,3	7,7	8,5	38,3	37,8	39,1	40,3
Entre 45 e 64	9,5	11,7	9,7	10,1	44,3	39,5	40,0	40,2
65 ou máis	13,4	10,1	13,6	12,3	1,9	1,9	3,8	2,8
Sexo								
Home	7,7	10,3	8,6	9,3	65,5	62,5	63,5	63,2
Muller	6,5	9,5	7,3	7,6	34,5	37,5	36,5	36,8
Tamaño do concello								
Pequeno (< 20 mil hab.)	9,4	12,6	10,0	10,5	66,6	65,7	66,1	60,7
Mediano (20 - 50 mil hab.)	7,9	8,3	7,2	5,8	11,1	8,8	9,3	9,4
Grande (> 50 mil hab.)	4,2	6,9	5,5	7,0	22,3	25,6	24,6	30,0
Relación coa persoa sustentadora principal								
Sustentador/a principal	.	10,7	9,9	10,1	.	54,5	62,0	60,3
Cónxuxe	.	8,6	5,5	6,8	.	17,6	14,0	16,9
Fillo/a	.	10,6	6,5	7,5	.	16,4	12,2	12,7
Pai/nai	.	6,8	7,9	3,2	.	3,1	4,9	1,9
Outro parentesco	.	9,7	6,4	9,1	.	7,9	6,4	8,2
Sen parentesco	.	13,1	9,7	3,2	.	0,5	0,6	0,2

Fonte: ECVF (IGE)

O risco de pobreza é maior cando o traballo é estacional (14 por cento) ou ocasional (11 por cento) que cando é regular (6 por cento) e tanto quen ten contrato indefinido como temporal enfróntase a un risco de pobreza similar (táboa 13). O cal indica que, dada a media de idade da poboación ocupada pobre, ten máis relevancia a regularidade do traballo que a duración do contrato. As persoas ocupadas tenden a buscar saír da pobreza mediante o pluriemprego, dado que quen ten máis dun emprego se enfrenta a un menor risco de pobreza (6 fronte a 9 por cento). Así mesmo, a taxa de pobreza, especialmente da pobreza extrema, é maior entre quen busca outro traballo mellor, o que indica que iso o fai precisamente quen está en peor situación.

Táboa 13. Risco de pobreza da poboación ocupada (2)

	Risco de pobreza				Porcentaxe da poboación pobre			
	2001	2002	2003	2004	2001	2002	2003	2004
Situación profesional								
Asalariado/a	5,2	6,7	5,6	5,7	52,0	49,2	50,0	48,7
Empresario/a sen persoal asalariado	15,0	21,3	16,9	17,0	38,7	34,2	35,3	33,0
Empresario/a con persoal asalariado	5,1	10,7	8,1	10,4	4,2	6,7	6,8	6,8
Outra situación	13,9	21,0	15,8	21,1	5,0	9,9	7,9	11,5
Ocupación								
Directivo/a	7,1	10,6	8,7	9,7	9,2	8,8	8,8	8,6
Técnico/a científico/a e intelectual	1,9	1,9	1,1	1,5	2,6	1,9	1,5	1,7
Técnico/a de apoio	2,4	4,8	3,8	4,4	2,7	4,5	4,4	5,1
Administrativo/a	2,6	5,4	3,2	3,7	2,9	4,2	2,6	3,3
Servizos	4,0	10,2	7,6	8,2	6,5	12,0	12,3	12,4
Cualificado/a agricultura e pesca	17,9	25,2	18,3	18,9	27,1	29,8	23,6	25,7
Outro cualificado/a	8,8	8,9	8,2	8,8	21,8	18,1	19,2	18,8
Operadores/as	6,2	5,8	9,4	8,6	10,7	6,2	12,9	11,8
Non cualificado/a	11,2	14,8	11,2	11,0	16,7	14,5	14,8	12,8
Actividade								
Agricultura e gandería	19,2	27,5	20,0	22,2	23,8	28,1	23,5	24,1
Pesca	9,9	16,2	9,3	7,0	5,0	4,6	3,0	2,5
Alimentación	4,0	8,7	9,5	6,2	1,9	3,1	4,3	2,4
Téxtil e confección	2,6	5,5	10,1	7,1	0,9	1,3	3,1	2,3
Madeira e papel	6,9	5,7	8,8	6,4	2,2	1,3	2,4	1,6
Metalurxia	7,9	4,6	1,8	9,5	2,0	1,1	0,5	2,4
Fabricación de transporte	2,3	1,7	1,3	1,9	0,9	0,5	0,5	0,7
Construción	9,4	10,5	9,2	10,8	15,5	13,7	13,8	14,5
Venda e reparación vehículos	7,6	11,7	8,5	8,5	16,2	17,6	15,4	15,3
Hostalería	8,4	13,4	14,0	10,4	6,6	7,5	10,6	7,4
Transportes e comunicacións	3,7	6,5	5,8	9,2	2,7	3,3	3,2	5,4
Actividade financeira e inmobiliaria	5,3	4,5	4,2	4,6	5,2	3,4	3,8	3,8
Administración pública	1,1	2,6	2,1	3,8	0,9	1,5	1,7	2,5
Educación e sanidade	2,6	2,4	2,0	2,5	3,7	2,5	2,8	3,4
Servizo doméstico	13,9	15,2	16,5	19,5	4,8	3,9	5,2	6,5
Outra actividade	5,3	8,1	5,4	5,0	7,6	6,9	6,3	5,3
Tipo de traballo								
Regular	6,9	9,5	7,9	.	87,3	89,1	90,7	.
Estacional	6,1	24,2	14,2	.	1,7	8,4	7,2	.
Ocasional	12,5	16,3	10,7	.	11,0	2,5	2,1	.
Tipo de contrato								
Indefinido	7,4	9,9	7,9	8,5	76,6	76,6	74,3	75,5
Temporal	6,9	10,2	8,7	8,8	23,5	23,4	25,7	24,5
Ten emprego secundario								
Si	9,6	4,5	4,2	6,3	3,4	1,4	1,8	2,1
Non	7,2	10,2	8,2	8,7	96,6	98,6	98,2	97,9
Busca emprego								
Si	10,8	22,8	13,2	18,7	6,0	8,6	5,2	8,8
Non	7,1	9,5	7,9	8,2	94,0	91,4	94,8	91,2

Fonte: ECVF (IGE)

O CAPITAL HUMANO

Está ben documentado que o factor que máis inflúe nos resultados da participación no mercado de traballo, e polo tanto na pobreza, é o capital humano que as persoas ocupadas acumulan en forma de experiencia, estudos acadados, ou na formación en aspectos como idiomas ou no emprego de novas tecnoloxías. No apéndice ao final deste informe recóllese que Galicia presenta unha taxa de abandono escolar prematuro do 23,6 por cento en 2005, porcentaxe que se foi reducindo paulatinamente dende o 27 por cento que acadaba en 2001. A cifra actual resulta sete puntos inferior á media estatal, especialmente no caso das mulleres, que teñen unha taxa de abandono do 16 por cento fronte ao 30,6 por cento masculino. Tamén se mostra nese apéndice que a porcentaxe de homes e mulleres con baixo nivel de estudos (ata secundaria) baixou en Galicia dende o 65 por cento da poboación en 2001 ata o 55 en 2005, e aínda é superior á media estatal salvo para as mulleres máis novas (entre 25 e 34 anos) onde a porcentaxe é inferior no caso galego.

Entre a poboación ocupada en Galicia, o risco de pobreza diminúe a medida que aumenta o seu nivel de estudos: en 2004 é pobre un 17 por cento das persoas ocupadas que non chegaron a completaren a educación primaria, un 14 por cento das que se quedaron nesa etapa, un 11 por cento das que acadaron a secundaria (primeira etapa), só un 6 por cento das que completaron a segunda etapa dese nivel, e un 5 ou menos por cento das que completaron estudos universitarios ou de FP de grao superior (táboa 14). É interesante sinalar que neste último caso a taxa tende a decrecer durante o período de análise. Por sexos cómpre salientar que as mulleres presentan un risco de pobreza similar ou inferior ao dos homes en todos os casos, agás nas licenciadas que aínda así manteñen un risco moi baixo de caer por baixo do limiar de pobreza.

Táboa 14. O capital humano da poboación ocupada: nivel educativo

	Risco de pobreza				Porcentaxe da poboación pobre			
	2001	2002	2003	2004	2001	2002	2003	2004
Estudos								
Ambos os dous sexos								
Ningún ou primaria	16,7	16,9	16,0	14,4	39,0	30,2	31,9	21,8
Analfabeto/a ou primaria incompleta	24,0	16,2	21,7	16,8	10,8	4,9	6,5	3,4
Primaria	14,9	17,1	15,0	14,0	28,3	25,3	25,4	18,4
E. Secundarios	6,2	9,7	7,7	8,8	57,9	64,9	63,3	71,9
1ª etapa	7,2	12,3	10,1	11,3	40,9	49,8	49,4	55,2
2ª etapa	4,4	6,1	4,2	6,1	9,5	10,1	8,4	12,1
FP grao superior	4,9	5,2	4,2	3,5	7,7	5,1	5,5	4,6
E. Universitarios	1,4	3,2	2,3	3,2	3,0	4,9	4,9	6,3
Diplomatura	1,8	3,6	3,2	4,4	1,8	2,7	3,0	4,1
Superior á diplomatura	1,1	2,8	1,6	2,2	1,2	2,3	1,9	2,2
Homes								
Ningún ou primaria	15,7	17,5	15,3	16,1	35,2	30,4	28,8	22,5
Analfabeto ou primaria incompleta	26,2	17,5	19,4	25,7	8,9	4,4	4,6	3,8
Primaria	13,8	17,5	14,7	15,0	26,3	26,0	24,2	18,7
Est. Secundarios	6,9	10,0	8,2	9,1	63,5	67,0	67,0	72,9
1ª etapa	7,9	12,1	11,0	11,6	45,5	51,8	56,6	56,6
2ª etapa	4,8	7,1	3,9	6,4	9,5	10,6	7,2	11,6
FP grao superior	5,6	4,8	2,6	3,7	8,5	4,6	3,2	4,7
Est. Universitarios	0,8	2,1	2,7	3,4	1,3	2,6	4,2	4,6
Diplomatura	1,1	2,5	3,4	6,2	0,7	1,3	2,1	3,6
Superior á diplomatura	0,6	1,8	2,3	1,3	0,6	1,3	2,1	1,0
Mulleres								
Ningún ou primaria	18,3	16,1	17,0	12,0	46,2	29,8	37,1	20,6
Analfabeta ou primaria incompleta	21,8	14,7	24,2	9,2	14,3	5,6	9,7	2,7
Primaria	17,1	16,4	15,3	12,6	31,9	24,2	27,4	17,9
Est. Secundarios	5,0	9,4	6,8	8,2	47,4	61,4	56,8	70,1
1ª etapa	5,9	12,7	8,1	11,0	32,0	46,4	36,7	52,9
2ª etapa	3,8	4,9	4,5	5,6	9,4	9,2	10,6	12,9
FP grao superior	3,7	5,8	6,4	3,1	6,0	5,8	9,4	4,3
Est. Universitarios	2,0	4,1	1,9	3,2	6,4	8,8	6,1	9,3
Diplomatura	2,4	4,3	3,1	3,2	3,8	5,0	4,6	5,2
Superior á diplomatura	1,6	3,9	0,9	3,1	2,6	3,8	1,5	4,1

Fonte: ECVF (IGE)

O risco de pobreza tamén é significativamente menor para a poboación ocupada que emprega recursos propios das novas tecnoloxías como un ordenador ou internet, arredor do 4 por cento, fronte a quen non emprega ningún destes elementos, case un 12 por cento (táboa 15). A taxa de pobreza de quen di ter un nivel baixo ou nulo no manexo dun PC duplica á de quen di ter un nivel alto ou bastante alto (táboa 16). De xeito parecido, tamén o risco de pobreza é o dobre ou máis en quen se desenvolve en inglés e en quen fixo algún curso formativo na empresa fronte a quen non. Aínda que en menor medida, tamén o coñecemento doutro idioma estranxeiro distinto do inglés resulta relevante.

Táboa 15. O capital humano da poboación ocupada: novas tecnoloxías

	Risco de pobreza			Porcentaxe da poboación pobre		
	2002	2003	2004	2002	2003	2004
Novas tecnoloxías						
Emprego do ordenador						
Non utiliza	9,2	7,8	8,6	82,8	83,6	77,4
Si utiliza	3,1	2,4	3,6	17,2	16,4	22,6
Emprego de internet						
Non utiliza	11,8	10,4	10,7	89,5	89,3	83,3
Si utiliza	4,3	2,8	4,3	10,5	10,7	16,7
Ordenador + internet						
Non utiliza	13,1	11,5	11,7	81,9	82,5	75,8
Si utiliza, unha	5,7	4,9	6,1	8,7	8,0	9,1
Si utiliza, as dúas	4,2	2,7	4,1	9,5	9,5	15,1

Fonte: ECVF (IGE)

Táboa 16. O capital humano da poboación ocupada: outra formación 2004

	Risco de pobreza	Porcentaxe da poboación pobre
Nivel de manexo do PC		
Alto ou bastante	5,0	16,3
Baixo ou nada	10,0	83,7
Nivel de coñecemento de idioma estranxeiro		
Inglés		
Alto ou bastante	7,0	8,8
Baixo ou nada	14,3	91,2
Outro idioma		
Alto ou bastante	10,1	10,9
Baixo ou nada	13,6	89,1
Formación na empresa		
Realizou cursos	2,3	5,6
Non realizou cursos	7,6	94,4

Fonte: ECVF (IGE)

O PERFIL DA POBOACIÓN OCUPADA POBRE

O perfil poboación ocupada pobre en Galicia é o seguinte: trátase dunha persoa que ten entre 30 e 65 anos (80,5 por cento), é home (63,2 por cento), é a persoa sustentadora principal do seu fogar (60 por cento), o seu fogar ten, ao sumo, outra persoa perceptora de ingresos (80 por cento) e ten dúas ou máis persoas dependentes (60 por cento), traballa por conta allea (49 por cento), vive nun concello de menos de 20 mil habitantes (61 por cento), traballa a tempo completo (88 por cento), faino de xeito regular (91 por cento), con contrato indefinido (76 por cento), e traballa en sectores como a agricultura e a gandería (24 por cento) ou na construción e venda e reparación de vehículos (30 por cento), non ten outra ocupación (98 por cento) nin busca outro emprego (91 por cento). A súa formación é básica pois ten estudos de primaria ou secundaria

de primeira etapa (74 por cento), non fai uso dun ordenador nin de internet (76 por cento), de feito non sabe manexar un PC (84 por cento) e non fala inglés (91 por cento) nin realiza cursos de formación na súa empresa (94 por cento).

Respecto a como mudou este perfil nos primeiros anos deste século, o aspecto máis salientable é que a poboación ocupada pobre cada vez ten un nivel de formación máis alto, pois aumenta a porcentaxe de quen ten estudos secundarios e universitarios, e de quen emprega ou coñece as novas tecnoloxías, así como de quen traballa en ocupacións que requiren de certa cualificación. Tamén se observa que cada vez hai unha maior presenza dos estratos urbanos entre a poboación ocupada pobre, que chegan a representar xa o 30 por cento, fronte ao 22 en 2001. Isto tamén se reflicte na cada vez menor presenza dos sectores primarios como gandería, agricultura ou pesca.

4. A PROTECCIÓN SOCIAL

Galicia conta cun sistema de protección social que permite garantirlle recursos económicos a unha boa parte da poboación galega no momento en que por razóns de idade, incapacidade ou calquera outro motivo non poden obter ingresos no mercado de traballo. En Galicia percíbense actualmente máis de 800 mil prestacións sociais, cunha tendencia crecente ao longo do período 2001-2005 (táboa 17)^{xvii}. A maioría destas prestacións, máis de 700 mil, teñen carácter contributivo polo que son o resultado dunha cotización previa, aínda que convén ter en conta que máis do 35 por cento dos perceptores de pensións do sistema contributivo en Galicia están a recibir un complemento de mínimos para acadaren a pensión mínima. Sobresaen entre as prestacións as pensións de xubilación, unhas 430 mil, e as de viuvez, 170 mil. Ademais, o Sistema de Clases Pasivas do Estado abóalles prestacións a uns 37 mil pensionistas en Galicia.^{xviii} Pero tamén unhas 100 mil persoas son beneficiarias dunha prestación de carácter non contributivo: delas unhas 30 mil reciben o subsidio de desemprego, outras tantas unha pensión de xubilación, cunha tendencia lixeiramente crecente, e unhas 20 mil unha pensión de incapacidade permanente, que mostra a tendencia contraria. A Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) ten algo máis de 4 mil persoas beneficiarias, unhas 5 mil perciben a Renda Activa de Inserción (RAI) e unha cantidade algo menor de persoas son receptoras das prestacións da Lei de integración de minusválidos (LISMI) e do Fondo de Asistencia Social (FAS), ambas as dúas en proceso de extinción. Por sexos, destaca que as mulleres son claramente maioritarias nas prestacións de carácter non contributivo pois perciben o 80 por cento das pensións de

xubilación non contributivas ou o 66 por cento das prestacións da RISGA. A importancia das prestacións sociais no conxunto da poboación de baixa renda en Galicia queda reflectida no feito de que as pensións supoñen actualmente o 42 por cento dos ingresos da poboación galega que vive por baixo do limiar de pobreza, que chega a un 57 por cento no caso de ter unha muller como sustentadora principal e que é dun 35 por cento no caso de ser un home. As prestacións por desemprego supoñen un 5 por cento adicional dos ingresos.

Táboa 17. Principais prestacións sociais en Galicia

	2001	2002	2003	2004	2005	Media 2001-2005
Número de prestacións contributivas da Seguridade Social						
Incapacidade permanente	57.574	58.661	60.142	60.991	62.629	59.999
Xubilación	430.370	430.876	429.909	428.272	428.529	429.591
Viuvez	164.005	166.781	169.175	170.312	173.041	168.663
Orfandade e favor de familiares	24.928	26.350	26.040	25.800	25.545	25.733
Desemprego (beneficiarios)	32.327	35.433	38.699	41.110	43.470	38.208
Total	709.204	718.101	723.965	726.485	733.214	722.194
Número de beneficiarios/as de prestacións non contributivas						
RISGA	4.357	4.310	4.499	4.173	4.145	4.297
PNC-Invalidez	21.950	21.765	21.523	21.325	20.923	21.497
PNC-Xubilación	31.533	32.411	32.896	33.109	32.762	32.542
Desemprego	30.339	30.496	29.895	29.556	29.977	30.053
RAI	1.427	7.241	1.994	4.426	5.179	4.053
LISMI	5.214	4.600	3.938	3.480	3.136	4.074
FAS	1.357	924	642	273	165	672
Total	96.177	101.747	95.387	96.342	96.287	97.188

Fonte: IGE e *Anuario de Estadísticas Laborales* (Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais).

A pensión mensual media da poboación pobre supón 379 €, unha cantidade considerablemente inferior aos 590 € que perciben de media os que se sitúan por riba do limiar de pobreza (táboa 18). As mulleres perciben pensións máis baixas tanto na poboación pobre coma no resto, un 83 e un 71 por cento respectivamente do que perciben os homes. En concepto de desemprego, a poboación pobre percibe 389 € ao mes, fronte a unha cantidade algo superior no resto da poboación, 458 €, e existen tamén importantes diferenzas por sexos.

Táboa 18. Pobreza e prestación sociais

prestación en € mensuais, 2003

	Pensión	Desemprego
Non pobres	590	458
Home	699	508
Muller	495	408
Pobres	379	389
Home	418	421
Muller	345	281
Todos	557	448
Home	655	491
Muller	470	399

Fonte: ECVF (IGE)

Cando se consideran os ingresos dos fogares antes de sumar as prestacións sociais, compróbase que un 42 por cento dos galegos quedaría por baixo do limiar de pobreza, e hai unha gran disparidade por áreas territoriais (táboa 19). Nos concellos pequenos esta porcentaxe elevaríase ata o 48 por cento, fronte a un 35–36 por cento no resto de concellos. As prestacións por desemprego teñen un impacto importante na pobreza pois reducen esta en 2 puntos, do 16,8 ao 14,8 no conxunto de Galicia en 2004, pero, obviamente,

son as pensións as que mostran o maior impacto pois reducen a pobreza nuns 25 puntos porcentuais de media, case 30 no rural e algo máis de 20 nas cidades.

Táboa 19. Pobreza e protección social

Porcentaxe de poboación por baixo do limiar de pobreza antes e despois das prestacións sociais

	2002				2003				2004			
	(1)	(2)	(3)	(4)	(1)	(2)	(3)	(4)	(1)	(2)	(3)	(4)
Tamaño do concello												
Pequenos (< 20 mil hab.)	17,2	18,4	46,2	47,7	16,7	18,1	45,5	47,1	16,9	19,2	45,5	48,0
Medianos (20 - 50 mil hab.)	13,5	14,6	35,6	36,9	14,8	18,0	34,4	37,6	13,1	15,9	32,9	35,4
Grandes (> 50 mil hab.)	12,3	13,1	31,0	31,9	11,2	13,8	32,1	34,6	12,3	13,8	33,4	34,9
GALICIA	15,1	16,1	39,7	41,0	14,5	16,6	39,6	41,6	14,8	16,8	39,6	41,7

(1) despois de prestacións (por desemprego e pensións)

(2) antes de prestacións por desemprego

(3) antes de pensións

(4) antes de prestacións por desemprego e pensións

Fonte: ECVF (IGE)

5. OUTROS ASPECTOS DA PRIVACIÓN: A SITUACIÓN DOS FOGARES

CHEGAR A FIN DE MES

Unha manifestación da situación de pobreza dos fogares é a existencia de dificultades financeiras para poderen facerlles fronte ás necesidades diarias básicas destes, o que se chega a traducir en atrasos no pago dos recibos máis importantes. Cando se lles pregunta aos fogares galegos na ECV do INE por cal é a contía que precisarían para chegaren a fin de mes, de media din necesitar preto duns 1.500 € mensuais (táboa 20). Como era de esperar, os que viven en fogares pobres conformaríanse cunha cantidade menor, uns 1.100 €, mentres que os non pobres precisarían de case 1.600 €. Se esas son as necesidades que manifestan os fogares, a mesma enquisa mostra que os fogares situados por riba do limiar de pobreza obteñen de media un 74 por cento máis do que din necesitar, mentres que os que están por baixo do limiar de pobreza apenas acadan un 67 por cento desa contía.

As dificultades financeiras non son exclusivas dos fogares pobres pero neles a situación financeira é máis crítica pois un 85 por cento ten ingresos inferiores aos que eles mesmos consideran necesarios e como consecuencia máis do 75 por cento por cento di chegar, polo menos con certa dificultade, a fin de mes, e é un 18 por cento o que manifesta ter moita dificultade para acadar tal obxectivo.

As necesidades máis básicas de alimentación semellan estaren cubertas para a maioría da poboación pobre e redúcense a pouco máis do 3 por cento os fogares pobres que din non se poder permitir comer pito, carne ou peixe polo menos cada dous días. Facerlles fronte aos gastos totais da vivenda, en cambio, supón unha carga

pesada para o 71 por cento destes fogares, e os pagos por préstamos diferentes da hipoteca e compras aprazadas supoñen algo semellante para un 45 por cento. Isto converte os fogares de baixos ingresos en moi vulnerables dende o punto de vista financeiro. De feito, un 8 por cento atrasouse nos últimos 12 meses no pago da hipoteca ou do alugamento, case un 5 por cento no pago das facturas de servizos básicos (como luz, auga gas...) e un 15 por cento no recibo de préstamos non hipotecarios ou de compras aprazadas. Resultado destas estreiteces financeiras, case o 60 por cento non lles podería facer fronte a gastos imprevistos e un 71 por cento di non se poder permitir unhas vacacións dunha semana ao ano fóra da casa.

Táboa 20. A privación material: problemas financeiros dos fogares

	Total	Non pobre	Pobre
Ingresos dos fogares			
Ingresos mínimos para chegar a fin de mes (€ mensuais)	1.483	1.570	1.113
Ingresos (€ mensuais)	1.675	1.934	581
Ingresos/ingresos mínimos (%)	153,2	173,7	66,5
Porcentaxe ingresos < ingresos mínimos	47,4	38,4	85,4
Dificultade en chegar a fin de mes (porcentaxe)			
Con moita dificultade	8,9	6,8	17,7
Con dificultade	15,5	14,0	21,8
Con certa dificultade	34,0	33,3	37,1
Non se pode permitir (porcentaxe)			
Comida cada dous días (carne, pito ou peixe)	1,9	1,6	3,4
Vacacións fóra da casa (1 semana ao ano)	47,1	48,7	70,6
Afrontar gastos imprevistos	43,6	39,9	59,2
Supón unha carga pesada (porcentaxe)			
Gastos relacionados coa vivenda	63,3	61,8	70,5
Préstamos distintos da hipoteca	39,2	37,7	45,7
Atrasos no pago 12 meses anteriores (porcentaxe)			
Hipoteca ou aluguer	4,3	3,4	8,4
Facturas servizos básicos (luz, auga, gas...)	3,1	2,7	4,7
Outros préstamos ou compras aprazadas	11,9	11,1	15,4

Fonte: ECV, 2004 (INE)

OS GASTOS DA VIVENDA

A vivenda supón o maior esforzo financeiro para os fogares galegos e, polo tanto, constitúe o principal motivo de preocupación para estes. O período 2001–2006 caracterizouse por unha forte escalada dos prezos de compra dunha vivenda xunto cun crecemento sen precedentes na construción de novas vivendas. O prezo por metro cadrado aumentou en máis dun 80 por cento no conxunto de Galicia, se ben o crecemento foi moi desigual e afectoulle en moita maior medida á poboación residente en áreas urbanas. Nese período rematáronse en Galicia un total de 164 mil vivendas novas, das que apenas un 9 por cento eran protexidas.^{xix}

O maior esforzo no sostemento da vivenda correspóndelle á poboación pobre. Arredor do 13 por cento dos fogares pobres pagan un alugamento e de media desembolsan 166 €, tendo en conta que inclúe tanto a aqueles que pagan un alugamento de mercado como os que pagan unha cantidade inferior por se beneficiaren dun contrato de *renda antiga*. Esta contía supuxo 16 € máis do que aboaban en 2002 (táboa 21).^{xx} Unha porcentaxe menor, un 8 por cento, é propietaria da súa vivenda pero ten pagos pendentes da hipoteca que lle supoñen un custo de media de 252 €, é dicir, 30 € máis do que declaraban en 2002. O pago do alugamento ou da hipoteca supón un 30 por cento de media dos ingresos da poboación pobre que ten ese gasto. Entre 2002 e 2004 o esforzo que supuña a hipoteca reduciuse levemente mentres que se mantivo estable no caso do alugamento, todo isto debido a que o aumento dos ingresos compensou o maior gasto neses conceptos. Os que están por riba do limiar de pobreza viven máis desafogadamente, dado que o pago do alugamento e da hipoteca supóñenlles sobre un 15 e un 18 por cento dos seus ingresos respectivamente.

Cando sumamos os gastos por todos os conceptos, alugamento ou hipoteca, comunidade, auga, luz, gasóleo ou gas, seguro, e

servizo doméstico e coidado de dependentes, os fogares galegos pobres desembolsan mensualmente 107 €, que de media supoñen dedicar un 17 por cento dos seus ingresos a estes conceptos, un esforzo maior do que fan os que están por riba do limiar de pobreza que gastan 189 €, un 11 por cento dos seus ingresos de media. Aínda que é obvio que estas cifras agachan unha gran desigualdade, pois aqueles con pago de alugamento ou hipoteca desembolsan unha cantidade substancialmente maior, 261 € no caso de estaren por baixo do limiar de pobreza (un 40 por cento dos seus ingresos) e 418 € no caso de estaren por riba (un 23 por cento).

Táboa 21. Os gastos dos fogares na súa vivenda

	Todos			Non pobres			Pobres		
	2002	2003	2004	2002	2003	2004	2002	2003	2004
Porcentaxe de fogares que teñen gasto									
Alugamento	10,0	9,4	9,5	9,6	8,5	8,8	11,5	13,9	12,7
Hipoteca	15,5	16,6	17,8	17,4	18,2	19,7	6,2	8,3	7,9
Comunidade	33,1	33,3	37,3	35,3	36,0	39,5	22,3	19,5	26,1
Auga	63,9	65,3	68,4	65,4	67,4	70,6	56,1	54,7	57,1
Luz	99,6	99,5	99,5	99,6	99,6	99,5	99,6	99,2	99,5
Gas/gasóleo	91,9	90,8	90,2	91,3	90,4	89,5	94,4	92,9	94,0
Servizo doméstico	7,4	7,8	7,0	8,5	9,0	7,8	1,7	1,9	2,5
Coidado dependentes	1,3	0,6	0,9	1,4	0,7	1,0	0,8	0,2	0,3
Seguro	40,2	43,2	45,6	43,2	47,0	49,4	25,4	24,2	26,8
Gasto mensual € por fogar									
Alugamento	172	180	194	178	189	203	147	150	166
Hipoteca	318	344	332	324	353	338	232	245	252
Comunidade	32	33	35	33	34	36	28	28	28
Auga	11	11	12	11	11	12	9	10	11
Luz	30	30	31	30	31	32	25	24	25
Gas/gasóleo	25	26	26	26	27	27	19	19	20
Servizo doméstico	180	202	199	183	203	200	108	173	184
Coidado dependentes	186	266	309	184	271	319	198	165	132
Seguro	14	14	15	14	14	15	13	14	15
Total	157	169	175	170	183	189	92	101	107
Total*	368	400	400	385	425	418	228	239	261
Porcentaxe dos ingresos do fogar									
Alugamento	16,8	17,4	18,3	14,0	13,9	15,4	29,5	28,9	29,0
Hipoteca	19,3	19,7	18,5	18,3	18,4	17,6	34,6	33,9	31,1
Comunidade	2,6	2,5	2,5	2,2	2,2	2,2	6,0	5,6	5,2
Auga	1,0	1,0	1,0	0,8	0,8	0,8	2,3	2,4	2,3
Luz	2,9	2,7	2,6	2,3	2,2	2,2	6,0	5,3	4,9
Gas/gasóleo	2,3	2,2	2,1	1,9	1,8	1,8	4,5	3,9	3,9
Servizo doméstico	11,0	10,3	10,0	10,4	9,5	8,8	25,5	33,3	31,4
Coidado dependentes	15,4	18,8	24,0	13,8	17,8	23,9	31,5	38,4	25,9
Seguro	1,2	1,1	1,1	1,0	0,9	0,9	3,0	2,7	3,0
Total	12,3	12,2	12,2	11,4	11,1	11,3	17,0	17,9	17,0
Total*	25,7	26,2	25,3	23,7	23,8	23,4	42,2	41,6	40,3

* Considera unicamente os fogares que teñen gasto en alugamento ou en hipoteca.

Fonte: ECVF (IGE)

6. OUTROS ASPECTOS DA PRIVACIÓN: A VIVENDA

O RÉXIME DE TENZA

Como é ben sabido, unha ampla maioría dos fogares galegos vive nunha vivenda en réxime de propiedade, en concreto isto ocórrelle a un 85 por cento da poboación en 2004. Esta porcentaxe é menor entre a poboación pobre aínda que seguen a ser amplamente maioritarios os fogares coa vivenda en propiedade, un 79 por cento da poboación. Arredor do 9 por cento vive nunha vivenda cedida gratuitamente, e un 7 por cento paga un alugamento (maioritariamente un alugamento de mercado), porcentaxe que se eleva ata o 12 por cento entre a poboación de baixos ingresos (dos que tres de cada catro paga un alugamento de mercado), e a porcentaxe sensiblemente máis elevada dáse nas áreas urbanas. Polo que respecta ao tipo de vivenda, a maioría vive en vivendas unifamiliares. Isto é especialmente salientable no caso dos fogares pobres con case un 60 por cento da poboación residindo nestas vivendas, o que sucede tamén como consecuencia da maior incidencia da pobreza no medio rural.

A HABITABILIDADE

Entre os posibles problemas que lle afectan á habitabilidade da vivenda, o problema máis común entre a poboación pobre en Galicia é a existencia de goteiras e humidades, un 33 por cento ten ese problema, xunto coa dificultade de manter unha temperatura adecuada no inverno, que manifesta o 31 por cento. Estes problemas non son exclusivos da poboación pobre, pero si se dan con máis frecuencia entre eles. Para a poboación por riba

do limiar de pobreza estas porcentaxes acadan respectivamente valores do 21 e 18 por cento. Tamén ten máis incidencia entre a poboación pobre a contaminación, a sucidade e outros problemas ambientais producidos polo tráfico ou a industria, para un 17 por cento, e a insuficiencia de luz natural nalgún cuarto, 16 por cento, fronte a un 11 e 10 respectivamente entre os non pobres. Por contra, os pobres, por viviren en maior medida no rural, padecen menos ruídos producidos polos veciños ou procedentes do exterior (14 fronte a 18 por cento) e problemas de delincuencia ou vandalismo no contorno (11 fronte a 13 por cento). As vivendas nas que vive a poboación pobre son máis pequenas pois dispoñen nun 26 por cento de tres ou menos cuartos^{xxi} (fronte a un 16 por cento no caso da poboación por riba do limiar de pobreza).

Carencias básicas que aínda persisten nalgúns fogares son a falla de ducha ou bañeira na vivenda, o cal lle afecta hoxe a pouco máis do 2 por cento dos pobres (e nótese tamén que case ao 1 por cento dos non pobres), mentres que ningún fogar enquistado manifestou carecer de inodoro con auga corrente no interior da vivenda.

O EQUIPAMENTO

Polo que respecta ao equipamento no fogar, destaca que un 22 por cento da poboación pobre di non dispor dun ordenador persoal por non poder afrontar ese gasto (fronte a un 14 por cento no caso da poboación non pobre), un 11 por cento di carecer de coche polo mesmo motivo (3 por cento dos non pobres), o mesmo que lle ocorre a un 5 por cento co teléfono (sexa fixo ou móbil) e a un 3 por cento cunha lavadora (0,3 e 0,5 por cento respectivamente no caso do colectivo non pobre). Só carece de televisión a color por motivos económicos un 0,5 por cento da poboación pobre (táboa 22).

Débese ter en conta que tamén é moi superior a porcentaxe da poboación pobre que non dispón deste equipamento e que alega *outros motivos*, sen que o cuestionario da enquisa identifique de cales se trata. Así, é posible que, en moitos casos, estes motivos estean relacionados indirectamente coa situación de privación do fogar se, por exemplo, o 4 por cento que non dispón de lavadora, e que alegan outros motivos, se debera á carencia de abastecemento de auga ou de subministración eléctrica adecuada.

Táboa 22. A privación material: condicións de habitabilidade e equipamento da vivenda

	Total	Non pobre	Pobre
Réxime de tenza (porcentaxe)			
Propiedade	84,6	85,8	78,9
Alugamento de mercado	4,9	4,0	8,9
Alugamento non de mercado	2,1	1,9	2,9
Cesión gratuíta	8,5	8,4	9,3
Tipo (procentaxe)			
Unifamiliar independente	47,3	46,7	50,3
Unifamiliar pegada	8,4	8,4	8,1
Pisos 0-9 vivendas	15,5	15,0	17,9
Pisos 10 ou máis vivendas	28,8	29,9	23,7
Problemas (porcentaxe)			
Luz natural insuficiente			
Nalgún cuarto	11,0	9,9	16,3
Ruídos	17,4	18,2	14,0
Contaminación ou sucidade			
Por industria ou tráfico	12,2	11,2	16,7
Delincuencia ou vandalismo	12,2	12,6	10,8
Tres cuartos ou menos *	17,7	15,8	26,4
Humidades	23,2	21,1	32,7
Frío	20,0	17,5	31,4
Non ten ducha ou bañeira	1,0	0,8	2,1
Non ten inodoro con auga corrente	0,0	0,0	0,0
Equipamento: (porcentaxe que non ten cada ben) por non o poder pagar			
Teléfono	1,2	0,3	5,0
Tv color	0,4	0,4	0,5
Ordenador	15,6	14,3	21,8
Lavadora	0,9	0,5	2,7
Coche	4,2	2,8	10,6
Por outros motivos			
Teléfono	1,8	1,7	2,1
Tv color	0,6	0,3	2,2
Ordenador	39,8	38,8	44,2
Lavadora	1,3	0,6	4,3
Coche	9,6	8,7	13,8

* Considérase como cuartos fundamentalmente os dormitorios, salóns, cuartos de estar ou comedores. Exclúe as coziñas, baños, despensa ou vestíbulos.

Fonte: ECV, 2004 (INE)

7. OUTROS ASPECTOS DA PRIVACIÓN: A SAÚDE E O ACCESO AOS SERVIZOS SANITARIOS

O ESTADO DE SAÚDE

O principal aspecto non monetario da privación é, sen dúbida, o estado de saúde. Aínda que nel poden influír multitude de aspectos como a idade, o sexo, o clima, a herdanza xenética ou o estilo de vida, é evidente que tamén un mal estado de saúde pode ser o resultado da privación padecida ao longo da vida como consecuencia de malas condicións de habitabilidade na vivenda, condicións laborais precarias, falla de cultura sanitaria, así como da falla de recursos materiais para lle poder facer fronte ao diagnóstico e ao tratamento necesario por parte de quen padece algún tipo de doenza. Como indicador do estado de saúde dunha persoa adulta utilízase a percepción subxectiva que ela mesma ten sobre este e que se recolle na ECV do INE.

Como mostra a táboa 23, un 18 por cento da poboación de 16 ou máis anos de idade manifesta ter mala ou moi mala saúde, porcentaxe que baixa ata o 17,5 por cento entre quen se sitúa por riba do limiar de pobreza e sobe ata o 22 por cento para as persoas que están por baixo deste. Tamén é maior a porcentaxe de persoas pobres que indican que padecen unha enfermidade, incapacidade ou deficiencia crónica, case un 34 por cento fronte a un 30 por cento das non pobres, así como entre quen di que un problema de saúde lles supuxo algunha limitación na súa vida diaria nos meses previos á entrevista, un 33 por cento das persoas pobres fronte a un 26 por cento das non pobres.

As mulleres e maiores de 65 anos quíxanse en maior medida da súa saúde e nestes grupos as diferenzas absolutas entre pobres e

non pobres tenden a ser maiores ca no resto. Por exemplo, un 54 por cento das persoas maiores de 65 anos di ter un estado de saúde malo ou moi malo cando están por baixo do limiar de pobreza contra un 40 por cento das que superan ese limiar. Pero tamén as persoas pobres menores de 65 anos teñen peor saúde có resto dese grupo de idade, un 12 por cento fronte a un 10. Mentres que o 26 por cento das mulleres pobres ten mala saúde, esa porcentaxe baixa ata o 19 por cento nas non pobres, loxicamente, isto en parte é debido á maior idade das primeiras. Como excepción, cabe mencionar que a pobreza estaría prexudicando en maior medida os varóns no que se refire a padeceren unha limitación na súa vida diaria como consecuencia dunha doenza, pois a pobreza aumenta esta taxa do 23 por cento ata o 31, o que supón 8 puntos, fronte a un incremento de 6 puntos no caso das mulleres.

Táboa 23. Saúde

Persoas de 16 ou máis anos (porcentaxe)

	Total	Non pobre	Pobre
Estado xeral de saúde malo ou moi malo			
Total maiores de 16 anos	18,3	17,5	22,3
16-64 anos	10,3	9,9	12,3
65 ou máis anos	43,3	41,0	53,7
Homes	16,4	16,0	18,3
Mulleres	20,1	18,8	25,9
Enfermidade, incapacidade ou deficiencia crónica			
Total maiores de 16 anos	30,6	30,0	33,6
16-64 anos	22,6	22,3	24,1
65 ou máis anos	55,6	53,9	63,2
Homes	30,4	30,0	32,3
Mulleres	30,8	30,0	34,8
Limitación na vida diaria nos 6 meses anteriores (ata certo punto ou intensamente)			
Total maiores de 16 anos	26,9	25,6	32,7
16-64 anos	19,0	18,1	23,2
65 ou máis anos	51,6	49,3	62,3
Homes	24,1	22,7	30,8
Mulleres	29,5	28,4	34,3

Fonte: ECV, 2004 (INE)

O ACCESO AOS SERVIZOS SANITARIOS

Na saúde non só é relevante saber se o seu estado é desigual entre os fogares con distinto nivel de ingresos, senón tamén se cando unha persoa padece unha doenza física ten fácil acceso aos servizos médicos e pode acudir con independencia do seu nivel de renda. A universalidade da maioría dos servizos sanitarios fai que se restrinxa a un 6 por cento da poboación quen manifesta que non puido acudir á consulta médica (distinta da dun dentista) cando o

precisaba (táboa 24). A incidencia deste problema non parece ser maior na poboación pobre, aínda que si semella que o motivo que alegan é diferente, pois neste colectivo son moi importantes a falla de tempo (por traballo ou coidado de persoas) e as dificultades de transporte, pois máis da metade de quen non puido ir alegou un deses motivos. É de destacar que os datos no conxunto de España indican que máis xente alegou que non puido acudir ao médico cando o necesitaba, un 8 por cento dos pobres, pero a incidencia dos problemas de tempo e de transporte son moi superiores entre a poboación pobre galega mentres que en España foron máis importantes as listas de espera (un 30 por cento). En cambio, entre a poboación galega non pobres o motivo maioritario polo que non se acudiu á consulta foi a existencia de listas de espera (un 60 por cento) mentres que no caso do conxunto do Estado este motivo ten un peso menor (33 por cento). Entre a poboación pobre tamén hai unha maior tendencia ca entre a non pobre á hora de esperaren a que unha doenza se cure soa, e teñen máis medo a acudir á consulta (un 10 por cento en ambos os dous casos fronte a un 3 por cento no resto da poboación). Todo isto indica que aínda nun marco de asistencia sanitaria universal a poboación de baixos ingresos se enfrenta a certas barreiras que dificultan o acceso real aos servizos sanitarios.

Polo que respecta á visita ao dentista, debido á escasa cobertura da atención bucodental na Seguridade Social, elévanse a un 12 por cento as persoas pobres que manifestan que non puideron acudir a este especialista cando o precisaban, maioritariamente (un 76 por cento deles) por careceren de recursos económicos. Entre as persoas non pobres a incidencia é tamén importante aínda que menor, un 9 por cento, e os motivos económicos tamén son maioritarios (65 por cento).

Táboa 24. Acceso aos servizos sanitarios

Persoas de 16 ou máis anos (porcentaxe)

	Total	Non pobre	Pobre
Non puido acudir ao médico (salvo dentista)	6,2	6,5	4,6
Motivos alegados:			
Por motivos económicos	0,8	0,0	6,2
Por listas de espera	57,3	63,3	18,4
Por falla de tempo	18,2	15,8	33,8
Por dificultades transporte	5,8	3,2	22,3
Por medo	4,2	3,4	9,7
Por autocura	3,9	3,0	9,6
Por outros	9,8	11,3	0,0
Total	100	100	100
Non puido acudir ao dentista	9,6	9,1	12,3
Motivos alegados:			
Por motivos económicos	67,8	65,2	76,4
Por listas de espera	3,1	4,1	0,0
Por falla de tempo	6,0	4,9	9,8
Por dificultades transporte	1,5	1,4	1,7
Por medo	14,7	17,6	4,8
Por autocura	4,5	3,7	7,2
Por outros	2,5	3,2	0,0
Total	100	100	100

Fonte: ECV, 2004 (INE)

CONCLUSIONES

O período 2001–2006 caracterizouse en Galicia por unha expansión económica que supuxo unha importante creación neta de emprego fundamentalmente feminino e nos sectores económicos non primarios. Como consecuencia, os fogares galegos dispoñen de máis recursos económicos para atenderen as súas necesidades. Con todo, o incremento das desigualdades sociais entre 2001 e 2003 fixo que arredor dun 15 por cento da poboación galega continúe por baixo do limiar de pobreza que a Unión Europea establece no 60 por cento do ingreso mediano, e que para un fogar formado por unha parella e mais dous nenos supón dispor duns 1.000 € netos ao mes. Isto non quere dicir que non mellorara a situación da poboación de baixos ingresos, pois tamén se detecta entre 2002 e 2004 un aumento na media de ingresos da poboación pobre xunto cunha redución na pobreza máis extrema que afecta actualmente ao 4 por cento da poboación da comunidade autónoma.

Estas cifras supoñen que unhas 400 mil persoas en Galicia sexan consideradas actualmente como *pobres* polos seus baixos ingresos. A maioría vive no rural, hai máis mulleres ca homes, case a metade teñen máis de 45 anos, e viven fundamentalmente en fogares formados por unha parella con fillos, aínda que aumentan cada vez máis as persoas que viven soas ou en parella sen fillos onde a persoa que achega máis ingresos ten máis de 65 anos. A forma máis extrema de pobreza maniféstase na poboación clasificada como sen fogar que o INE estima en Galicia nunhas 1.500 persoas.

O sistema de protección social en Galicia actúa como barreira fronte á pobreza para unha parte importante dos fogares que as reciben, especialmente no caso das pensións. Pero a pobreza segue

a estar en boa medida vinculada ao desemprego e á inactividade económica, especialmente naquelas situacións que supoñen privación de ingresos monetarios coma no caso do traballo doméstico, onde a cuarta parte deste colectivo é pobre, ou das persoas incapacitadas. A pobreza aféctalles de modo crecente ás persoas maiores de 65 anos e aos fogares sustentados por elas, cunha maior incidencia nas que non cobran pensión de xubilación. Pero tamén as persoas que cobran unha pensión de xubilación padeceron un aumento do risco de pobreza nestes anos, hoxe é pobre unha de cada oito que se atopa nesta situación, dado que o crecemento económico beneficiou máis a poboación activa. A pobreza ameaza tamén en maior medida, e de forma crecente, os fogares con nenos dependentes, sobre todo no caso de fogares monoparentais, o que se traduce nunha elevada incidencia da pobreza infantil (un de cada cinco nenos é pobre) un dos aspectos que máis diferencia os países do sur de Europa dos do norte.

Tamén é preciso non perder de vista o fenómeno da poboación ocupada pobre, unha de cada dez persoas ocupadas vive nun fogar de baixos ingresos, sobre todo nos sectores primarios do rural e con baixa cualificación, non só no que se refire ao nivel de estudos acadado senón tamén no coñecemento e uso das novas tecnoloxías, idiomas ou formación específica recibida na empresa. Pero este colectivo está a sufrir lentamente os mesmos cambios que están a transformar o mundo laboral galego cun importante aumento do peso dos sectores non primarios, así como das persoas máis novas e máis cualificadas.

Os baixos ingresos da poboación pobre tradúcense nunha importante vulnerabilidade financeira nestes fogares que chegan a fin de mes con serias dificultades. Na súa inmensa maioría son capaces de cubriren a alimentación básica, pero como consecuencia da súa situación de privación prodúcense atrasos no pago de recibos básicos, quedan desprotexidos fronte á aparición de gastos imprevistos e non poden gozar de vacacións fóra da casa.

Non son poucos os fogares que desexarían equiparse cun ordenador ou un coche e non poden por motivos económicos.

Esta situación de vulnerabilidade é resultado, en gran medida, da carga que supoñen os gastos derivados da vivenda, especialmente para a quinta parte da poboación pobre que lle debe facer fronte cada mes ao pago do alugamento ou do recibo pendente da hipoteca para quen o conxunto de gastos da vivenda lle absorbe de media o 40 por cento dos seus ingresos. A vivenda da poboación pobre é maioritariamente unifamiliar e da súa propiedade, pero un 12 por cento debe aboar un alugamento, porcentaxe superior á do resto da poboación. Estas vivendas adoecen fundamentalmente de problemas de humidades e de frío no inverno.

Outra consecuencia da pobreza é o feito de que as persoas de baixos ingresos manifestan ter peor saúde, especialmente mulleres e maiores de 65 anos, e peor acceso aos servizos sanitarios. Malia ser a sanidade unha prestación universal, este colectivo enfrenta maiores problemas de transporte para acudir ao médico, ademais de ter máis medo ou confiar en maior medida na autocura. Tamén o colectivo pobre padece máis ca ningún outro a non cobertura da atención bucodental no sistema de Seguridade Social. Finalmente, cabe destacar que fogares a unha e outra banda do limiar de pobreza padecen con moita frecuencia a existencia de listas de espera.

APENDICES E NOTAS FINAIS

Apéndice 1. As áreas comarcais nas ECVF

ÁREAS COMARCAIS	COMARCAS
PROVINCIA DA CORUÑA	
A Coruña oriental	Arzúa, Betanzos, Eume, Melide, Ordes, Ortegal
A Coruña occidental	A Barcala, A Barbanza, Bergantiños, Fisterra, Muros, Noia, O Sar, Terra de Soneira, Xallas
Comarca de Santiago	
Comarca da Coruña	
Comarca de Ferrol	
PROVINCIA DE LUGO	
Lugo Sur	Os Ancares, Chantada, A Fonsagrada, Quiroga, Sarria, Terra de Lemos, A Ulloa
Comarca de Lugo	
Lugo norte	A Mariña Central, A Mariña Occidental, A Mariña Oriental, Meira, A Terra Chá
PROVINCIA DE OURENSE	
Resto de Ourense	Allariz-Maceda, Baixa Limia, O Carballiño, A Limia, O Ribeiro, Terra de Caldelas, Terra de Celanova, Terra de Trives, Valdeorras, Verín, Viana
Comarca de Ourense	
PROVINCIA DE PONTEVEDRA	
Pontevedra occidental	O Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, O Salnés
Pontevedra oriental	O Condado, Deza, A Paradanta, Tabeirós-Terra de Montes
Comarca de Pontevedra	
Comarca de Vigo	

Apéndice 2. Indicadores rexionalizados de Laeken do Plan nacional de acción para a inclusión social

Fonte: Ministerio de Traballo e Seguridade Social, con datos da EPA (INE)

Indicadores primarios PRIM-6 e 8, e secundarios SECUN-16 e 17

		España			Galicia		
		Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
PRIM-6: Taxa de paro de longa duración	2001	4,2	2,5	6,8	5,2	2,8	8,4
	2002	4,1	2,5	6,5	5,1	2,5	8,5
	2003	4,1	2,6	6,4	5,3	2,3	9,2
	2004	3,9	2,5	6,0	6,2	2,7	10,7
	2005	2,7	1,7	4,0	3,7	2,3	5,5
PRIM-8: Taxa de abandono escolar prematuro*	2001	28,8	35,1	22,4	27,1	35,2	18,8
	2002	29,5	36,0	22,7	26,6	34,8	18,3
	2003	30,8	36,7	24,6	24,0	30,1	17,9
	2004	31,1	37,8	24,1	24,4	31,6	16,7
	2005	30,3	36,0	24,5	23,6	30,6	16,3
SECUN-16: Proporción de paro de longa duración	2001	40,1	33,4	45,2	45,4	36,8	50,8
	2002	36,5	31,5	40,2	42,3	32,4	48,2
	2003	36,7	31,7	40,5	44,2	28,9	53,6
	2004	35,4	29,9	39,6	43,6	29,0	51,9
	2005	28,6	23,6	32,7	33,7	29,7	36,4
SECUN-17: Taxa de paro de moi longa duración	2001	2,5	1,3	4,2	3,3	1,7	5,4
	2002	2,4	1,3	4,1	3,2	1,4	5,8
	2003	2,4	1,3	3,9	3,5	1,5	6,2
	2004	2,2	1,3	3,5	4,2	1,6	7,5
	2005	1,4	0,9	2,2	2,0	1,3	2,9

* Persoas que abandonan prematuramente o ensino e non seguen ningún tipo de educación ou formación

Indicador primario PRIM-7 e 7 bis:
Persoas que viven en fogares nos que non traballa
ningún dos seus membros

		España			Galicia		
		(a)	(b)	(a)/(b)x100	(a)	(b)	(a)/(b)x100
Persoas de 0-65 anos	2001	2.997,6	36.674,6	8,2	216,3	2.446,2	8,8
	2002	3.034,2	37.233,8	8,1	223,4	2.435,8	9,2
	2003	2.972,7	37.857,4	7,9	185,5	2.442,5	7,6
	2004	3.085,8	38.430,0	8,0	207,1	2.432,9	8,5
	2005	2.930,9	39.107,3	7,5	214,3	2.452,3	8,7
Persoas de 0-60 anos	2001	2.280,3	35.974,9	6,3	168,3	2.401,9	7,0
	2002	2.305,7	36.506,0	6,3	175,6	2.387,8	7,4
	2003	2.269,0	37.131,4	6,1	139,6	2.395,3	5,8
	2004	2.359,5	37.706,3	6,3	161,6	2.391,6	6,8
	2005	2.162,5	38.317,7	5,6	164,3	2.401,0	6,8

- (a) número de persoas no tramo de idade que viven en fogares onde ningún dos seus membros traballa (en milleiros)
- (b) número de persoas no tramo de idade (en milleiros)

**Indicador secundario SECUN-18:
 Persoas con baixos niveis educativos* por sexo e tramo
 de idade en porcentaxe sobre o total do grupo de idade**

Tramo de idade	España			Galicia			
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
2001	25-64	57,9	57,3	58,6	65,3	66,0	64,7
	25-34	41.9	44.8	38.9	44.4	50.4	38.4
	35-44	53.4	53.2	53.6	61.6	63.0	60.2
	45-54	69.4	65.8	72.9	76.8	73.5	80.1
	55-64	77.6	74.8	80.3	85.8	83.7	87.8
2002	25-64	56,6	56,2	57,0	62,5	62,6	62,4
	25-34	40.2	43.9	36.4	41.6	46.3	36.8
	35-44	52.5	52.5	52.6	58.3	60.3	56.3
	45-54	66.7	63.5	69.9	73.5	68.6	78.2
	55-64	77.9	74.8	80.8	84.4	82.0	86.6
2003	25-64	55,5	55,3	55,7	60,4	60,8	60,0
	25-34	39.3	43.1	35.3	37.8	45.1	30.4
	35-44	51.0	52.0	50.0	56.7	58.1	55.4
	45-54	65.3	62.0	68.5	71.5	67.2	75.7
	55-64	77.4	73.7	80.8	83.8	79.5	87.8
2004	25-64	53,3	53,4	53,2	57,9	58,8	57,1
2005	25-64	50,3	50,5	50,0	55,1	55,9	54,4

* Ata estudos secundarios

NOTAS

- i Os ingresos medios mensuais do fogar son a media mensual dos ingresos netos monetarios de todos os membros do fogar nos doce meses anteriores á semana de referencia da entrevista, sexan estes regulares ou non. Estes ingresos son *netos* de retencións e cotizacións sociais obrigatorias.
- ii En concreto calcúlase o *número de adultos equivalentes do fogar* como a suma de membros onde a primeira persoa adulta conta como 1, a segunda e restantes contan coma 0,5 adultos equivalentes e cada menor de 14 anos coma 0,3. O ingreso do fogar é entón dividido polo número de adultos equivalentes deste para obter o *ingreso dispoñible por adulto equivalente*.
- iii O ingreso mediano é o ingreso daquela persoa que se sitúa exactamente no medio da distribución se as ordenamos todas de máis pobre a máis rica, polo que viría representar, en certo sentido, a situación da clase media.
- iv Este dato refírese a 2003 de acordo coa *Encuesta de Condiciones de Vida* do Instituto Nacional de Estatística. As cifras de pobreza en Galicia publicadas polo Instituto Nacional de Estatística ou calquera outro organismo que tome como referencia un mesmo limiar de pobreza para toda España tenderán a ser superiores e non serán comparables coas deste estudo. Tampouco son directamente comparables coas que habitualmente vén publicando o Instituto Galego de Estatística (IGE) dado que nese caso, se ben toman o marco de referencia galego, consideran, por exemplo, como limiar o 50 por cento do ingreso mediano en lugar do 60.
- v Para unha información detallada véxase *Enquisa de condicións de vida das familias. Metodoloxía*, Instituto Galego de Estatística,

2001, 2002, 2003 e 2004 e *Encuesta de Condiciones de Vida. Metodología*, Instituto Nacional de Estadística, 2005.

- vi Enténdese por fogar privado “a persoa ou conxunto de persoas que ocupan en común unha vivenda familiar principal ou parte dela, e consomen e/ou comparten alimentos ou outros bens con cargo a un mesmo orzamento”. Non inclúe, polo tanto, a persoas que residen en establecementos colectivos como albergues, prisións, residencias da terceira idade, centros de menores etcétera. Débese ter en conta que os ingresos declarados na ECVF en 2001 non son plenamente comparables cos do período 2002-2004 xa que nestes últimos o cuestionario de ingresos é máis detallado por fontes de ingreso, mentres que en 2001 só se preguntaba polo total de ingresos.
- vii Esta enquisa incorpora información adicional sobre condicións de habitabilidade e equipamento da vivenda ademais de sobre o estado de saúde e o acceso a servizos sanitarios. Neste caso é posible comparar os resultados directamente co resto de comunidades autónomas do Estado, a pesar de que, por ter unha mostra reducida, non se pode facer unha maior desagregación territorial dentro das comunidades autónomas, nin unha análise pormenorizada á hora de abordar calquera outro aspecto relevante da pobreza. Ademais os resultados para Galicia obtidos con esta fonte de datos deben ser tomados con cautela por presentaren en ocasións un elevado erro de mostraxe como consecuencia do menor tamaño da mostra.
- viii A taxa de crecemento interanual do PIB a prezos de mercado (variacións de volume) foi de 2,5 en 2001, 2,1 en 2002, 2,5 en 2003, 3,1 en 2004 e 3,3 en 2005 (*Contabilidad Regional de España*, INE).
- ix É posible que parte deles sexan debidos ao afloramento de rendas polo cambios no cuestionario da ECVF.

- x Unha análise máis detallada dos ingresos, a pobreza e a desigualdade en Galicia dende un punto de vista territorial pode verse en Gradín, C., Del Río, C. e Cantó, O. *La distribución de la renta en Galicia: análisis por áreas territoriales*, CIEF, Fundación Caixa Galicia, en prensa.
- xi Datos referidos á media dos 25 países actualmente pertencentes a Unión Europea (Eurostat).
- xii En 2001 estas cifras eran de 361 € por fogar unipersoal, de 541 € se estaba formado por unha parella, 649 € e 757 € no caso de ser unha parella cun e dous menores de 14 anos respectivamente, ao que se lle engaden 108 € máis por cada menor e 180 € máis por cada persoa adulta.
- xiii De acordo coa ECV realizada en 2004 polo INE a porcentaxe de poboación española por baixo do limiar de pobreza era do 19,9 por cento.
- xiv Lémbrese que se está a empregar un limiar de pobreza específico para Galicia. No caso de ter como referencia o limiar de pobreza español, Galicia ocuparía unha posición moi similar á española na figura 1.
- xv Esta posición de Galicia non difire demasiado da que tiña en 1999, se ben nese caso compartía niveis próximos aos do País Vasco, Castilla y León e as Illes Balears. Lémbrese que neste caso estamos a tomar como referencia o limiar de pobreza propio de cada comunidade autónoma de acordo cos ingresos anuais. A comparación é ben diferente cando se toma como referencia para determinar se unha persoa é pobre o limiar calculado sobre o ingreso mediano español con independencia da comunidade na que se viva. Nese caso, cun décimo posto en 1999 e undécimo en 2003, pasaría de estar no primeiro ano lixeiramente por baixo da media (17,8 fronte a 18,3 por cento) a estar por riba no segundo (21,2 fronte a 19,9 por cento).

- xvi A enquisa non foi deseñada para ser representativa no ámbito da comunidade autónoma polo que non é posible trazar con moita máis precisión o perfil das persoas sen fogar en Galicia de acordo con esta.
- xvii O número de persoas beneficiarias é algo inferior ao de prestacións pois unha mesma persoa pode estar a percibir máis dunha pensión contributiva (sobre todo de viuvez e de xubilación).
- xviii Dato referido a agosto de 2006, *Estadísticas de Clases Pasivas del Estado*, Ministerio de Economía e Facenda.
- xix Datos sobre prezo da vivenda e número de vivendas do Ministerio da Vivenda. Entre o primeiro trimestre de 2001 e o segundo de 2006 o prezo da vivenda libre (nova ou usada) creceu de 767,6 € por metro cadrado ata 1.402,4 €.
- xx Este dato refírese á ECVF do IGE. De acordo coa ECV do INE, o gasto por alugamento era de media algo superior, 200 € para o conxunto da poboación pobre, do que 227 € son para quen aboa un alugamento de mercado e 102 € para quen aboa un alugamento inferior ao de mercado por ter contrato de renda antiga ou beneficiarse dunha vivenda proporcionada por algunha institución ou empresa.
- xxi Considérase como cuartos fundamentalmente os dormitorios, salóns, cuartos de estar, ou comedores, mentres que se exclúen as cociñas, baños, despensa ou vestíbulos.

